

---

*Orzamento exercicio 2013*

---

Universida<sub>de</sub>Vigo

---

## I. *Introdución*

---

### *I.1. O escenario orzamentario*

---

A realización dun orzamento para a nosa institución en 2013 ven marcada pola situación económica depresiva, producida por desequilibrios de carácter económico, pero tamén por factores de carácter institucional, agravando a crise os problemas de gobernanza na zona euro, así como a aplicación dunha política económica de consolidación fiscal que compromete ás administracións públicas a reducir a súa capacidade de gasto verbo dos seus ingresos.

Para a Universidade de Vigo, os orzamentos da Comunidade Autónoma coma condicionante dos ingresos, as restricións na administración educativa para a creación de emprego público, así coma o Real Decreto 14/2012, que reforma as horas de docencia do profesorado, son algúns dos condicionantes externos máis relevantes.

Esta situación, en todo caso, trascende en boa medida ás posibilidades de actuación da Universidade de Vigo, o que non impide que asumamos as nosas propias responsabilidades e tomemos a iniciativa para minimizar os seus efectos negativos. A presentación do Plan de Sustentabilidade da Universidade de Vigo no ano 2011, e a súa aplicación actual, é exemplo disto.

A crise condiciona por unha dobre vía os orzamentos universitarios, que se viron reducidos ano tras ano dende 2009. En primeiro lugar, pola redución das achegas da Comunidade Autónoma, definidas no Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015. En segundo lugar, polo efecto da crise sobre a renda das familias e sobre a capacidade das empresas para contratar coa universidade, patrocinar actividades ou compartir convocatorias no ámbito da I+D+i.

No que toca ao plan de financiamento, o condicionamento parcial dos fondos á evolución dos ingresos ordinarios da Comunidade Autónoma, ten coma consecuencia o efecto negativo sobre as achegas ás universidades en tempos de recesión; sen embargo, o seu cumprimento polas partes e a lóxica plurianual na que se formula, supón o marco básico de estabilidade e desenvolvemento da actividade docente e investigadora cun mínimo de planificación.

Por outra banda, a distribución por primeira vez de parte dos fondos en función dos resultados das universidades, tal e coma defendeu a nosa institución na negociación do plan de financiamento, está a implicar unha porcentaxe maior para a Universidade de Vigo no reparto. En concreto, e para 2013, o financiamento estrutural pasa a ter un 10% de reparto en función de criterios obxectivos; o financiamento

por resultados pasa a ser o 10% do total do plan de financiamento; por último, o financiamento por calidade pasa a repartirse nun 60% consonte a criterios obxectivos.

No que toca, en segundo lugar, aos ingresos procedentes doutras fontes, a nosa posición ten sido clara, con tratamento diferenciado dependendo da orixe.

Verbo das achegas procedentes de estudantes e das súas familias pola vía das taxas académicas, temos sido contrarios claramente á súa suba desmesurada, procurando e consensuando coa Xunta de Galicia un impacto máis reducido para o noso país no que toca ás primeiras matrículas, aínda que non ás restantes. E isto, porque unha suba elevada e indiscriminada das taxas é lesiva ao acceso aos estudos en igualdade de oportunidades, pero tamén porque podería provocar o efecto contrario ao que en teoría se busca, xa que se o efecto da suba de taxas reducira o número de matrículas, o custo unitario podería elevarse, e o efecto do cofinanciamento dos estudantes ser menor do agardado.

Sería tamén conveniente, para separar correctamente os custos da docencia, construír modelos, para todo o sistema universitario, nos que se determine o tempo de ocupación en actividade do persoal das universidades, procurando o financiamento de cada actividade en función da súa natureza. Por esta causa a Universidade de Vigo quere ser pioneira na determinación da distribución da xornada laboral por actividades do profesorado. O impacto social e o servizo público da institución maniféstase na docencia, mais tamén na investigación e na transferencia de coñecemento.

O financiamento público das universidades debe ter por fundamento o conxunto das actividades que se agardan delas.

A terceira das fontes de financiamento, as convocatorias de investigación en concorrencia competitiva, padece dunha baixada acusada dos fondos dedicados a elas, tanto por parte da Comunidade Autónoma coma do Estado. O descenso nos ingresos por esta vía non ten por causa unha menor capacidade dos nosos grupos de investigación, senón uns fondos para investigación cada vez máis cativos.

Neste sentido, a iniciativa da Universidade de Vigo ten sido clara. Con independencia da defensa das convocatorias de investigación coma unha necesidade social para cambiar de modelo produtivo, defendemos dende un primeiro momento que a nosa institución tiña que orientarse á oferta e á demanda da Unión Europea e das institucións comunitarias, particularmente nas convocatorias de fondos para investigación, desenvolvemento e innovación. A estrutura de goberno, na equipa reitoral e na de xerencia, e a xestión rigorosa dos nosos propios recursos orzamentarios para poder cofinanciar con fondos propios as convocatorias europeas, foron apostas decididas para pescar no que chamamos caladoiros comunitarios e, coma comentárase máis adiante, están a dar os primeiros resultados de alcance.

Por último, os ingresos procedentes do ámbito empresarial, da prestación de servizos a empresas e da

transferencia, sofren as limitacións financeiras das compañías para a contratación na universidade. Tamén neste sentido, a orientación da nosa universidade ao entorno, a procura da maior proximidade posible ás empresas e a elección polo campus do mar e polo campus da auga como desenvolvemento do potencial territorial, son factores de atracción compensatorios das limitacións das empresas.

En definitiva, se neste momento estamos a vivir un conxunto de factores limitativos para os ingresos universitarios, é a posta en valor das nosas potencialidades, a creación de valor para a contorna social e a nosa pegada nos fondos comunitarios a que nos pode permitir superar a situación.

## I.2. Aplicación do plan de financiamento do sistema universitario galego para 2013

Na data de realización deste documento, como no exercicio anterior, non temos aínda comunicación oficial do importe total dos ingresos derivados do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 á Universidade de Vigo. En todo caso, preséntanse os criterios de reparto acordados no Plan (táboa 1).

COMPOÑENTES DO FINANCIAMENTO DO SUG	FERRAMENTAS
<b>Financiamento estrutural</b>	Subvención fixa
	Subvención por capacidade investigadora
	Subvención para a compensación dos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica
<b>Financiamento por resultados</b>	Subvención por resultados docentes
	Subvención por resultados de investigación
	Subvención por resultados de transferencia tecnolóxica
<b>Financiamento por mellora da calidade</b>	Subvención por mellora da calidade dos resultados universitarios

Táboa 1. Modelo básico de financiamento para o SUG 2011-2015

Cara a 2013, e aínda que os orzamentos da Comunidade Autónoma non foron presentados ao Parlamento de Galicia, calculamos que a aplicación do Plan de Financiamento supón para o SUG un importe total de 344.793.376 €, sen incluír as convocatorias de investigación en concorrencia competitiva (o total por todos os conceptos estímase en 394.000.000 €). Da aplicación do Plan, o cálculo que realizamos da parte correspondente á Universidade de Vigo sen convocatorias en concorrencia competitiva recóllese na táboa nº2, aínda que en todo caso prevalece o principio contable de prudencia nas estimacións.

DENOMINACION FONDOS (miles euros)	2012	2013
Financiamento estrutural e outros	91.423	86.515
Financiamento por resultados	6.367	13.177
Financiamento por mellora da calidade	5.940	6.480
<b>TOTAL</b>	<b>103.730</b>	<b>106.172</b>

Táboa 2. Estimación de ingresos procedentes do Plan de financiamento do SUG para 2013

Coma se pode apreciar, a nosa estimación é a previsión dun aumento das achegas da Xunta de Galicia, cun incremento nominal do 2,35%, pasando dos 103.730.000 € a 106.172.000 € previstos para o vindeiro ano.

### *I.2.1. Financiamento estrutural*

O financiamento estrutural está composto polos fondos destinados ao financiamento dos custos estruturais do SUG. Este financiamento repártese en subvención fixa, subvención por capacidade investigadora e subvención para a compensación polos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica.

A achega mais importante ao SUG e a que se corresponde coa **subvención fixa** e comprende, á súa vez, os seguintes fondos: financiamento dos custes estruturais das tres universidades públicas de Galicia e o financiamento dos investimentos de reparación e mellora.

A súa vez, o fondo máis importante é o **financiamento dos custos estruturais das tres universidades públicas de Galicia**. Para o exercicio 2013, a distribución deste fondo entre as universidades do SUG, nun 90% do financiamento estrutural total, realízase cos criterios de reparto utilizados no exercicio 2011, procedentes do anterior Plan de Financiamento do SUG 2005-2010. O 10% restante aplícase en función dos novos criterios.

A falta de datos oficiais, podemos considerar que o resultado da aplicación dos novos criterios ao fondo estrutural entre as tres universidades deixa unha estimación similar á do exercicio anterior, que foi a seguinte (táboa nº3).

CRITERIO DE REPARTO	CONTÍA	UDC	USC	UVIGO
1. CAMPUS DE EXCELENCIA (20%)	2.698.151	0,00	1.780.779,66	890.389,83
2. CAPTACIÓN RECURSOS EXTERNOS POR PDI DOUTOR (20%)	2.698.151	706.808,57	1.163.254,61	828.087,82
3. NI SCIMAGO WORLD REPORT (20%)	2.698.151	673.788,54	964.970,27	1.059.392,19
4. TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO				
4.1. NÚMERO DE SPIN-OFF CREADAS POR PDI DOUTOR (5%)	674.538	0,00	65.686,94	608.850,81
4.2. NÚMERO DE PROXECTOS CENIT E PiD POR PDI DOUTOR (5%)	674.538	171.246,35	210.551,63	292.739,77
4.3 CAPTACIÓN DE RECURSOS EN CONTRATOS CON EMPRESAS (10%)	1.349.076	179.279,73	506.924,96	662.870,81
5. CALIDADE NA DOCENCIA (20%)				
5.1. FINANCIAMENTO PÚBLICO POR ESTUDANTE (reparto inverso)	2.698.151	980.576,51	833.952,63	883.621,86
<b>TOTAL</b>	<b>13.490.755</b>	<b>2.711.699,70</b>	<b>5.526.120,69</b>	<b>5.225.953,10</b>
<b>PORCENTAXES DE REPARTO 2012</b>		<b>20,14%</b>	<b>41,04%</b>	<b>38,81%</b>

Táboa 3. Estimación do exercicio 2012 para o reparto do fondo estrutural cos novos criterios

*I.2.2. Financiamento por resultados*

O financiamento por resultados vaise realizar a partir de 2013 en función do contrato programa asinado en 2011 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a nosa institución, cunha duración de dous anos.

Os contratos programa ligados ao Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, teñen por base o compromiso de obxectivos en oito áreas de acción: adaptación ás necesidades sociais, docencia, investigación, transferencia de coñecemento, proxección internacional, responsabilidade social, xestión e campus periféricos.

Durante o ano 2012, a Universidade de Vigo ven de asinar con todas as súas facultades e escolas un modelo de contrato programa que toma por base, no esencial, os criterios do contrato asinado coa Xunta de Galicia. Isto ten o dobre obxectivo de implicar a todos os equipos de dirección na obtención de resultados, así coma repercutir en beneficio dos centros os logros obtidos polo conxunto da institución.

De acordo ao presente Plan de financiamento, a subvención por resultados evolucionará consonte ao índice que resulte de multiplicar por dous o crecemento do PIB nominal da Comunidade Autónoma en cada un dos exercicios.

O importe a asignar como fondo de resultados correspóndese co 10% do total do plan de financiamento, cunha estimación de 39.400.000 € para este exercicio. A contía estimada dos contratos programa para o exercicio 2013 no SUG preséntase na táboa nº4.

<b>INSTITUCIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>% s/SUG</b>
Universidade de A Coruña	10.620.476 €	27,00%
Universidade de Santiago	15.537.363 €	39,50%
Universidade de Vigo	13.177.257 €	33,50%
<b>Total SUG</b>	<b>39.335.096 €</b>	

Táboa 4. Estimación para 2013 do financiamento por resultados

O importe da subvención por resultados complétase cos fondos obtidos a través das convocatorias de investigación e de transferencia en réxime de concorrència competitiva.

### *I.2.3. Financiamento por mellora da calidade*

O financiamento por mellora da calidade recolle as achegas por actuacións dirixidas á mellora de aspectos formativos, investigadores e de creación ou adaptación de infraestruturas.

A distribución destes fondos está condicionada ao cumprimento do Plan de Sustentabilidade, plan que a Universidade de Vigo presentou no exercicio 2011 e que ven de ser aprobado agora pola Consellería de Facenda. Na data de redacción deste documento a Universidade de Vigo está a executar a súa previsión de gasto, tal e coma viña definida neste plan.

Para 2013, o 60% dos fondos de mellora da calidade repartiranse en función dun conxunto de criterios de eficiencia e cumprimento financeiro. En particular, a ratio de ingresos non financeiros / gastos non financeiros; a ratio de ingresos propios / gasto corrente; e a necesidade ou capacidade de financiamento, medida en termos da contabilidade nacional.

A evolución no reparto destes fondos, así como a distribución para 2012 entre reparto histórico e reparto por novos criterios de resultados é a seguinte:

	2011	2012 parte con criterios históricos	% s/SUG	2012 parte por resultados	% s/SUG	total 2012	% s/SUG
<b>UDC</b>	7.880.400 €	3.289.860 €	26,11%	1.785.426 €	33,06%	5.075.286 €	28,20%
<b>USC</b>	4.699.800 €	5.516.280 €	43,78%	1.485.365 €	27,51%	7.001.645 €	38,90%
<b>UVIGO</b>	5.419.800 €	3.793.860 €	30,11%	2.129.208 €	39,43%	5.923.068 €	32,91%
<b>Totais</b>	<b>18.000.000 €</b>	<b>12.600.000 €</b>	<b>100,00%</b>	<b>5.400.000 €</b>	<b>100,00%</b>	<b>18.000.000 €</b>	<b>100,00%</b>

*Táboa 5. Estimación da evolución do financiamento por calidade no SUG no 2012*

Como se pode apreciar, a posición da Universidade de Vigo no reparto por criterios, así coma a ampliación ao 60% do porcentaxe de computo destes novos criterios fronte ao reparto histórico, anticipa unha mellora nas achegas.



---

### *1.3. Os orzamentos da universidade de vigo e a xestión da crise*

A etapa económica que estamos a vivir supón unha das maiores crises económicas das que existe memoria viva. Un desequilibrio que afecta ao consumo das familias, ao investimento das empresas e á capacidade de gasto do sector público.

Non é a intención deste apartado comentar novamente a situación actual, xa detallada no apartado primeiro de escenario orzamentario; sen embargo, consideramos apropiado render contas da xestión da crise desde un punto de vista económico, que viu reducirse o orzamento da institución dende o ano 2009, no que tocou o seu máximo ata o de agora, e que estabiliza a súa contía total por primeira vez neste próximo exercicio 2013. Imos considerar esta serie temporal (2009-2013), para determinar o impacto da crise.

A Universidade de Vigo tivo unha caída do seu orzamento total algo superior ao 10% en tan só tres anos, dende os algo máis de 182 millóns de euros de 2009 ao case que 163 millóns de euros de 2012. Unha diferenza de practicamente 20 millóns de euros.

Consideramos necesario amosar como e en que está a encaixar a nosa institución unha caída semellante, e como ten sido capaz de estabilizar o seu orzamento para 2013, cando o escenario de consolidación fiscal das administracións públicas, e en particular das universidades, anticipa unha baixada xeneralizada dos presupostos de ingresos e gastos para o ano próximo.

Se comezamos polo estudo do equilibrio orzamentario a diferenza entre o ingreso corrente e o gasto corrente dun exercicio determina o aforro financeiro neto, isto é, un aforro neto positivo significa que unha institución é capaz de financiar o seu funcionamento ordinario.




Gráfico 1. Ingresos corrientes vs gastos corrientes (2009-2013)

O gráfico número 6 amosa a relación entre ingreso e gasto corrente ao longo da crise. Como se pode apreciar, a Universidade de Vigo partía dun lixeiro desaforro financeiro en 2009. O afundimento dos ingresos corrientes e o aumento do gasto provocou un desequilibrio financeiro próximo aos 20 millóns de euros no ano 2010. Tan só dous anos despois, a universidade estabiliza do novo o equilibrio financeiro cadrando ingreso e gasto corrente.

Para comprender cómo se realizou o reequilibrio, a visión da evolución das partidas de ingreso corrente (táboa nº 6) e de gasto corrente (táboa nº 7) facilitan a explicación.

Polo lado do ingreso, o capítulo III de taxas e prezos públicos mantén un valor invariable ao longo do período considerado. Pola contra, o capítulo IV de transferencias corrientes recuperou o valor inicial a partir de 2012, con dous anos de contías inferiores, particularmente 2010.

Capítulos	2009	2010	2011	2012	2013	Var. %
Capítulo III Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.770.018 €	15.833.018 €	15.494.000 €	15.854.000 €	15.779.000 €	0,06%
Capítulo IV. Transferencias corrientes	111.979.609 €	98.549.919 €	104.773.702 €	111.547.353 €	111.954.848 €	-0,02%
Capítulo V. Ingresos Patrimoniais	1.185.000 €	535.000 €	282.000 €	190.000 €	355.000 €	-70,04%
<b>Ingresos Corrientes</b>	<b>128.934.627 €</b>	<b>114.917.937 €</b>	<b>120.549.702 €</b>	<b>127.591.353 €</b>	<b>128.088.848 €</b>	<b>-0,66%</b>

Táboa 6. Evolución dos capítulos de ingreso corrente (2009-2013)

A recuperación das transferencias ten, basicamente, unha dobre causa. A primeira, a negociación do Plan de Financiamento 2011-2015, que elevou proporcionalmente o importe dos ingresos correntes verbo das achegas totais. En segundo lugar, a capacidade de captación de recursos pola propia institución.

Capítulos	2009	2010	2011	2012	2013	Var. %
Capítulo I. Gastos de persoal	94.686.294 €	99.336.400 €	94.823.000 €	93.598.000 €	93.238.000 €	-1,53%
Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos	29.569.581 €	28.496.842 €	24.576.036 €	24.997.707 €	24.909.149 €	-15,76%
Capítulo III. Gastos financeiros	73.003 €	73.003 €	50.000 €	50.000 €	50.000 €	-31,51%
Capítulo IV. Transferencias correntes	7.319.181 €	6.844.045 €	7.160.659 €	7.790.471 €	8.523.200 €	16,45%
Capítulo V. Fondo de Continxencia	- €	500.000 €	600.000 €	360.000 €	360.000 €	
<b>Gastos Correntes</b>	<b>131.648.059 €</b>	<b>135.250.290€</b>	<b>127.209.695€</b>	<b>126.796.178€</b>	<b>127.080.349 €</b>	<b>-3,47%</b>

Táboa 7. Evolución dos capítulos de gasto corrente (2009-2013)

No que toca ao emprego dos recursos, a análise de gasto corrente permite avaliar o emprego dos fondos pola institución. Como é previsible, a meirande parte son empregados no capítulo I de gastos de persoal, que experimentan unha baixa porcentual do 1,53% ao longo da crise, 1.448.294 € en valores absolutos. A diferenza non ten en conta o valor de 2010, no que os gastos de persoal tocaron o seu máximo na Universidade de Vigo, sendo posteriormente aplicada sobre eles a redución salarial aos traballadores públicos no conxunto do Estado.

O capítulo no que a nosa institución ven de concentrar a redución do gasto corrente é o capítulo II, que acumula unha rebaixa do 15,76%, cun valor en termos absolutos de 4.660.432 € menos. A aplicación do Plan de Sustentabilidade, con redución de subcontratación, centralización de gasto e políticas diversas de aforro, permitiu encaixar a caída dos ingresos protexendo ao noso principal recurso, o capital humano.

O capítulo catro de transferencias (bolsas de profesorado, de estudantes) supón unha excepción, xa que a súa evolución ten sido positiva, aumentando un 16,45%. A xustificación está na capacidade da Universidade de Vigo para acadar fondos nos que a súa execución implica un número crecente de bolsas, nomeadamente o Campus do Mar e o proxecto Green It. O feito de que o capítulo aumente en 1.204.019 € significa que outros capítulos encaixaron un déficit maior que o resultado neto da suma de todos os de gasto.

Para financiar o desfase no gasto corrente en 2010 e 2011, a Universidade utilizou as partidas de capital, como se pode apreciar no gráfico nº2. Como non pode ser doutra maneira, posto que o total do ingreso e do gasto son idénticos nos orzamentos, o déficit por conta corrente foi compensado para eses dous exercicios con un saldo positivo polo mesmo valor nas partidas de capital, nomeadamente co emprego dos remanentes da institución.




Gráfico 2. Ingresos de capital vs gastos de capital (2009-2013)

Pódese apreciar, por outra banda, que a caída do importe global nas partidas de capital é o máis elevado: unha redución do ingreso de capital do 34% no período considerado, e unha redución do 28,54% do gasto de capital (investimento e remanentes de capital).

Capítulos	2009	2010	2011	2012	2013	Var %
Capítulo VII. Transf. de Capital	34.309.274 €	39.458.798 €	25.820.764 €	19.318.964€	24.313.964 €	-29,13%
Capítulo VIII. Var. de Act. Fin.	18.973.935 €	21.623.585 €	15.271.575 €	16.059.428 €	10.813.540 €	-43,01%
Capítulo IX. Var. de Pas. Fin.	- €	- €	6.261.812 €	- €	- €	
<b>Ingresos de Capital</b>	<b>53.285.218 €</b>	<b>61.084.393 €</b>	<b>47.356.162 €</b>	<b>35.380.404 €</b>	<b>35.129.517 €</b>	<b>-34,07%</b>

Capítulos	2009	2010	2011	2012	2013	Var %
Capítulo VI. Investimentos reais	47.786.196 €	38.123.029 €	38.214.158 €	33.581.567 €	33.366.003 €	-30,18%
Capítulo VIII. Activos financeiros	90.001 €	90.001 €	50.000 €	50.000 €	120.000 €	33,33%
Capítulo IX . Pasivos financeiros	2.693.580 €	2.537.000 €	2.430.000 €	2.542.000 €	2.650.000 €	-1,62%
<b>Gastos de Capital</b>	<b>50.569.777 €</b>	<b>40.750.030 €</b>	<b>40.694.158 €</b>	<b>36.173.567€</b>	<b>36.136.003 €</b>	<b>-28,54%</b>

Capítulos	2009	2010	2011	2012	2013	Var %
<b>Saldo de capital</b>	<b>2.715.441 €</b>	<b>20.334.363 €</b>	<b>6.662.004 €</b>	<b>- 793.163 €</b>	<b>- 1.006.486 €</b>	

Táboa 8. Evolución dos capítulos de ingresos e gastos de capital (2009-2013)

Por último, co conxunto da información ofrecida, podemos obter a porcentaxe de encaixe que tivo a redución do orzamento sobre os capítulos de gasto. Isto permite medir o coeficiente de absorción da rebaixa orzamentaria, representada no gráfico nº3. Nel incluímos tan só os tres capítulos cunha redución superior a 50.000 €, para facilitar a visibilidade. A suma dos restantes non é negativa, senón positiva, polo saldo positivo das transferencias correntes, que aumentaron 1.204.019 €.




Gráfico 3. Reparto porcentual do caída de orzamento entre os principais capítulos de gasto (2009-2013)

Se a diferenza total de orzamentos entre o ano de maior orzamento da nosa institución, 2009, e o próximo 2013, foi de 19.001.484 €, a diferenza na redución no gasto de persoal supón un 7,62% do total da rebaixa orzamentaria na Universidade de Vigo, cando o gasto de persoal representa o 57,12% do total do orzamento.

Esa porcentaxe era do 51,96% en 2009, polo que o seu peso ao longo da crise aumentou máis de cinco puntos porcentuais.

No que toca ao capítulo II de gasto corrente, a súa redución nun 15,76% ao longo destes anos supón un 24,52% do total da rebaixa orzamentaria.

Para o conxunto dos capítulos de gasto corrente, a súa redución nun 3,47% de 2009 a 2013, representa 4.567.710 € en valores absolutos. Esta contía é un 24,04% do total da redución do orzamento entre 2009 e 2013.

Son as partidas de gasto de capital, nomeadamente investimentos, as que encaixan a maior absorción do recorte, cunha redución de 14.420.193 €, que supoñen o 30,18% sobre 2013, e un efecto sobre o total do 75,89%. É importante, coma xa se presentou no capítulo anterior, diferenciar o investimento material (artigo 62), que diminúe en maior contía, do investimento inmaterial (artigo 64), que medra e tende a compensar xa para 2013 o descenso do material.

Como se comentou anteriormente, a suma das porcentaxes dos capítulos é maior ca o total, posto que hai capítulos, significativamente o capítulo IV de transferencias correntes (bolsas de estudantes, de mobilidade...), que aumentaron a súa contía.

En conclusión, a Universidade de Vigo ven de executar un recorte orzamentario de grande alcance, superior ao 10% do seu orzamento e por unha contía aproximada de 19 millóns de euros, que provocaron un desfase insostible entre ingreso e gasto corrente ao longo dos anos 2010 e 2011.

A nosa institución ten sido quen de tender ao equilibrio das súas contas neste ano 2012, e de manter o importe do orzamento para o próximo exercicio.

O reequilibrio ten sido aplicado sen danar de xeito substantivo ao capital humano da institución (PDI e PAS), mantendo o esencial do emprego, así coma as políticas de transferencias correntes (bolsas, internacionalización...).

A principal ferramenta para isto está a ser, polo lado do ingreso, o acordo dun Plan de Financiamento do SUG que comeza a ter en consideración os resultados das universidades. O seu cumprimento polas partes é esencial para manter un planeamento de longo prazo na nosa institución.

As outras ferramentas de reequilibrio polo lado do ingreso están a ser a captación de recursos para proxectos estratéxicos (coma o campus do mar), a vinculación da transferencia do coñecemento co entorno empresarial e a consecución de proxectos cofinanciados con fondos europeos (Táctica, Biocaps, Green It...), variables todas elas dependentes, en boa medida, das nosas propias capacidades.

O axuste, polo lado do gasto, ven dado esencialmente polo Plan de Sustentabilidade proposto pola Universidade de Vigo, polo control rigoroso do gasto corrente e pola ligazón de investimentos concretos á captación de ingresos finalistas para realizalos.

---

## *II. Liñas xerais de actuación*

As liñas xerais de actuación que se propoñen a seguir, pretenden ser coherentes coa acción de goberno que se ven desenvolvendo dende o inicio do actual período de goberno, ao tempo que sobrepoñerse á desfavorable conxuntura económica e normativa na que se teñen que desenvolver estes orzamentos.

---

### *II.1. Compromisos profesionais con pdi e pas*

O eixo central do noso programa de goberno é o compromiso co capital humano, tanto no que fai ao persoal docente e investigador, como ao persoal de administración e servizos. Non cabe dúbida que as restricións económicas, pero sobre todo as cada vez máis numerosas e importantes limitacións normativas que lle son de aplicación ás universidades, están condicionando as nosas posibilidades de actuación.

Como é obvio, todos os acordos que se acaden con PAS e PDI deberán axustar a concreción e os prazos á situación económico-financeira da Universidade de Vigo, para preservar a súa viabilidade presente e futura.

O orzamento 2013 recolle no seu Capítulo I de gastos de persoal un importe de 93.238.000 €, cun descenso do 0,38% verbo do exercicio 2012.

Esta menor contía obedece á continuidade das medidas adoptadas nos exercicios anteriores, ás que se engaden as seguintes:

- a) A suspensión do Plan de Medidas Incentivadoras á Xubilación do PDI, decisión adoptada polo Consello de Goberno á vista das actuacións iniciadas polo Tribunal de Contas.
- b) Os efectos da normativa de ámbito estatal. Referímonos ao Real Decreto-Lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, e ao Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Así mesmo, continúa a reducirse o número total de investigadores captados a través dos programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Ánxeles Alvariño e Parga Pondal, atribuíble á cada vez menor oferta de prazos que se realiza nesas convocatorias.



Neste capítulo, os obxectivos de eficiencia no gasto non poder ir en detrimento da competitividade da institución, que está en función, á súa vez, das capacidades do seu capital humano.

É por iso que a pesar das dificultades que establece o actual marco normativo e das restricións financeiras, séguese a apostar porque se manteñan os programas de consolidación e promoción do profesorado e de contratación de persoal investigador. Sendo un obxectivo prioritario o de manter as nosas capacidades docentes e investigadoras.

As liñas xerais de actuación son as seguintes:

- Continuidade nos compromisos de estabilización e carreira académica do PDI previstos no Regulamento de Profesorado aprobado no Claustro en xullo de 2012.
- Mantemento no ano 2013 do programa especial de promoción para doutores acreditados como profesores titulares de universidade ou como contratados doutores.
- Mantemento do programa xeral de formación para doutoramento.
- Elaboración dunha normativa de recoñecemento do labor docente, investigador, de transferencia de coñecemento e de xestión, do seu persoal docente e investigador, que se someterá en breve á aprobación do Consello de Goberno.

Este equipo de goberno tamén mantén a oferta, xa realizada ao inicio deste período de goberno, para a negociación e acordo dun plan de funcionarización do PAS laboral que, dende unha perspectiva realista, acadade un alto grao de consenso e cun horizonte temporal asumible desde o punto de vista das capacidades económicas e de xestión do propio proceso.

Conxuntamente co anterior completaranse os procesos en curso relativos a:

- Negociación do III Convenio Colectivo do PAS Laboral da Universidade de Vigo.
- Negociación da nova Relación de Postos de Traballo do PAS Laboral.
- Negociación da nova Relación de Postos de Traballo do PAS Funcionario.

Sempre dende unha perspectiva que nos permita atender tres requirimentos básicos para a Universidade: a continuación na modernización e profesionalización da administración universitaria, a adaptación ás esixencias que se derivan da nova oferta educativa e o desenvolvemento de estratexias internas de descentralización e desconcentración da xestión e da prestación de servizos.

Isto, á súa vez, permitiranos atender os compromisos contidos no Plan de Financiamento do Sistema

Universitario de Galicia 2011-2015.

Por outra banda, a Universidade de Vigo comprométese a continuar co desenvolvemento do plan de formación para o PAS, ampliando o número de cursos e facilitando a asistencia aos mesmos. Ademais da organización de accións formativas propias, seguirase a facilitar a asistencia a cursos externos nas áreas de maior especialización, atendendo ás propostas e suxestións do PAS.

---

## *II.2. Aposta pola internacionalización*

No que respecta ó fomento da internacionalización, e seguindo a senda iniciada nos exercicios anteriores, seguiremos traballando para incrementar o atractivo da Universidade de Vigo como destino para estudar, traballar e investigar; para incrementar as competencias internacionais dos membros da comunidade universitaria; e para aumentar as cifras de mobilidade de estudantes, PDI e PAS.

No primeiro eixo, poremos en marcha un plan para integral a implantación de docencia en linguas estranxeiras, fundamentalmente en inglés, aproveitando todo o potencial do noso profesorado e a nosa oferta académica, facendo especial fincapé na capacitación do persoal docente e en garantir unha docencia de calidade. Tamén se traballará conxuntamente cos centros para desenvolver titulacións dobres cos nosos socios internacionais máis prestixiosos. En canto á captación de estudantes estranxeiros, incrementaremos a nosa participación no programa Ciencia sen Fronteiras do goberno de Brasil, e traballaremos para estender esta iniciativa a outros países nun ciclo económico máis favorable como México, Perú ou Colombia. No eido das relacións internacionais, consolidarase e incrementarase a presenza da Universidade de Vigo en foros internacionais. Seguiremos chegando a acordos de colaboración con institucións de todo o mundo para a mobilidade e a cooperación educativa, e realizarase promoción da Universidade de Vigo como sede para eventos relevantes no eido da internacionalización.

No segundo eixo, seguiremos proporcionando asistencia e formación para que o persoal docente e investigador participe con éxito en proxectos internacionais no eido da cooperación educativa e da cooperación ao desenvolvemento, e presentaremos o Plan de Internacionalización Lingüística que entre outras iniciativas dedicará unha atención especial á capacitación lingüística da comunidade universitaria.

En canto ao terceiro eixo, seguiremos traballando para incrementar as cifras de mobilidade, mesmo nun contexto de fortes restricións orzamentarias, incrementando os destinos e os programas de mobilidade nos que participamos.

No que toca á captación de fondos externos, participaremos con propostas institucionais nas convocatorias de cooperación educativa e cooperación ao desenvolvemento de ámbito internacional e galego,

construíndo sobre a experiencia acadada no exercicio pasado onde, entre outros, obtivéronse máis de 4 millóns de euros de financiamento dentro da convocatoria Erasmus Mundus da Unión Europea.

---

### *II.3. Calidade docente e formacion de profesorado*

De cara ao ano 2013, continuaranse a desenvolver os programas de mellora da calidade docente e o programa de formación do profesorado e innovación educativa.

No ámbito da mellora da calidade docente, seguirase coas accións vinculadas ao seguimento e acreditación de titulacións oficiais.

No que se refire á avaliación do profesorado, ademais das accións xa habituais: Enquisas de Avaliación Docente e a Valoración da Actividade Docente, porase en marcha unha nova convocatoria do programa Docentia en colaboración coa ACSUG.

No que fai á área de formación e innovación educativa, continuarase co programa de formación permanente do profesorado, así como co programa de formación de novo profesorado. Seguiranse a desenvolver proxectos de innovación educativa e organizarase a Xornada de Innovación Educativa.

---

### *II.4. Reestruturación da oferta de posgrao*

No decreto de titulacións da xunta, no que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais en Galicia, fíxanse requisitos de viabilidade ligados ao número de estudantes, para estudos de mestrado e de doutoramento. Por outra banda, os programas de doutoramento deberán adaptarse ao disposto no novo decreto de doutoramento con anterioridade ao inicio do curso 2013/14.

No ano 2013 levaranse a cabo as seguintes accións:

- Continuación do proceso de adaptación da oferta de posgrao ao novo marco normativo.
- Creación da Escola de Doutoramento da Universidade de Vigo.

---

## II.5. Campus do mar

As principais actuacións no Campus do Mar para o próximo exercicio continuarán co desenvolvemento das áreas estratéxicas do proxecto e dos programas transversais de xestión e conectividade.

As actuacións previstas para 2013 son:

- a) Desenvolvemento da unidade de xestión, e consolidación do proxecto de Campus Dixital do Mar.
- b) No eixo estratéxico de internacionalización, completar o programa de proxección exterior e continuar cos programas de mobilidade e cooperación ao desenvolvemento.
  - I. No eixo estratéxico de investigación, continuar cos programas de axudas para a organización de eventos internacionais e a elaboración de proxectos e completar os planos estratéxicos dos catro clústeres de investigación.
    - No eixo estratéxico de transferencia, a execución do programa de Transferencia de Tecnoloxía e Resultados de Investigación e os foros de transferencia.
      - a. No eixo estratéxico de Transformación do Campus a continuación do programa de Cultura Científica e Tecnolóxica e do programa de actividades Campus MarLife.
      - b. Completar o desenvolvemento da Escola Internacional de Posgrao, incluíndo o programa de doutoramento DO\*MAR e as convocatorias de bolsas de mestrado e doutoramento.

---

## II.6. Divulgación da oferta educativa

Co fin de divulgar a oferta de títulos da Universidade desenvolveranse actuacións encamiñadas a facer chegar esta información a distintos colectivos.

Por unha banda, preténdese achegar a oferta de estudos grao aos estudantes de educación secundaria, tanto de ESO e Bacharelato como de Formación Profesional. As actuacións previstas inclúen:

- Presenza en prensa e redes sociais
- Organización de xornadas informativas, tanto cos futuros estudantes como cos profesores, orientadores e responsables dos centros de ensino secundario. Estas xornadas desenvolveranse tanto nos campus da universidade como nos propios centros de secundaria
- Participación en feiras educativas

Respecto da oferta formativa de posgrado, o obxectivo é achegala os estudantes dos últimos cursos de graos e licenciaturas e a estudantes xa licenciados ou graduados. Contéplase, particularmente, a difusión desta oferta a nivel internacional, con especial incidencia en Centro e Sudamérica.

Paralelamente levaranse a cabo campañas de difusión da oferta na contorna empresarial e social dos nosos campus para facer chegar aos sectores produtivos e a sociedade en xeral o valor da Universidade de Vigo, os títulos que imparte e as capacidades e competencias que estes títulos outorgan aos egresados.

---

## *II.7. Infraestruturas científicas*

Na actual conxuntura económica, as actuacións que teñen que ver con infraestruturas científicas, tanto no que atinxe a novas construcións como a equipamentos, só son posibles polo éxito acadado previamente nas convocatorias en concorrencia competitiva de fondos FEDER, anticipos MEC, Parques Científico-Tecnolóxicos, Innplanta, Innocampus ou Campus de Excelencia Internacional, que permitiron obter recursos cos que abordar estas iniciativas.

Cada vez máis, sen embargo, o investimento en infraestruturas vese limitado pola redución ou supresión de convocatorias públicas ás que concorrer para conseguir financiamento para este fin, tanto a nivel autonómico como nacional. Por exemplo, en 2012 o Ministerio de Economía y Competitividad non convocou as axudas para a adquisición de infraestruturas científico-técnicas, con cargo aos fondos FEDER, que estaban previstas.

Adicionalmente, os organismos públicos tenden cada vez máis a formular as axudas en forma de préstamo, establecendo a obrigatoriedade de dispoñer dun permiso específico por parte das autoridades correspondentes (Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, ou Consellería de Facenda), que non sempre é doado de obter. Isto supón unha dificultade importante para o acceso a financiamento externo para investimentos en infraestruturas.

As actuacións en execución ou previstas para 2013, polo que fai a infraestruturas de investigación, son as seguintes:

- Execución da fase construtiva do Centro de Investigación Biomédica (CINBIO) que está previsto rematar a mediados de 2013. Con este proxecto, a Universidade de Vigo pretende tomar a iniciativa no sector da investigación biomédica, tanto básica como aplicada.
- Con posterioridade á realización do proxecto para o novo Centro de Apoio á Investigación (CACTI), adquiriuse novo equipamento científico de investigación no campo da espectrometría, o que fixo preciso abordar un proxecto de ampliación do edificio para albergar estes novos

equipamentos. As obras iniciaránse no segundo semestre de 2013, unha vez finalizada a construción do CINBIO.

- Preparación do equipamento do Centro de Apoio á Investigación (CACTI). Este edificio albergará os Servizos de Determinación Estrutural, Proteómica e Xenómica, Nanotecnoloxía e Análise de Superficies, Microscopía Electrónica, Seguridade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible, Detección Remota, Taller Electrónico e Taller de Mecanizado. Con esta construción, ampliaránse as superficies e melloraránse as condicións das que dispoñen estes servizos, redundando nunha mellora da calidade dos mesmos.
- Equipamento e posta en uso dos laboratorios de investigación da "torre" do Centro de Apoio á Investigación (CACTI), parte do edificio que é continuación do CITEXVI.
- Equipamento do animalario da Universidade de Vigo
- Equipamento e posta en uso do laboratorio de Microbioloxía nivel P3 no Centro de Investigación, Transferencia e Innovación de Ourense (CITI)
- Adquisición de infraestruturas científico-técnicas (equipamentos) correspondentes aos fondos captados nas convocatorias de Infraestruturas Científico-Técnicas FEDER 2010 e INNPLANTA 2011.
- Unha vez finalizada a construción do Módulo Tecnolóxico industrial (MTI) e resoltos os seus problemas construtivos, procederase ao seu equipamento e posta en uso.
- Resoltos todos os trámites administrativos para a obtención de licenza urbanística para o pavillón de embarcacións no ECIMAT, na Illa de Toralla, a execución da fase construtiva queda adiada en tanto non se obteñan os recursos necesarios nas pertinentes convocatorias competitivas ás que se poida concorrer.
- Realización do proxecto construtivo, xa comprometido e non realizado no exercicio 2012, para o Centro de Investigación en Tecnoloxías e Procesos Industriais (CINTEC), á espera de ter éxito na captación de recursos externos, nomeadamente recursos do Fondo Tecnolóxico ou fondos FEDER. Esta iniciativa constitúe a segunda fase do proxecto Vigo Tecnolóxico e dotará aos centros e grupos de investigación do ámbito tecnolóxico dunhas axeitadas condicións de traballo para a investigación e a transferencia de coñecemento.

---

## *II.8. Infraestruturas docentes e de servizos*

Ao igual que ven ocorrendo nos últimos anos, nun contexto de redución orzamentaria severa como o que vivimos, en especial no Capítulo VI Investimentos Reais, as prioridades neste epígrafe teñen que ser as partidas dedicadas a Reformas e Mantemento.

Ao longo deste ano 2012 seguíronse realizando en todos os edificios dos tres campus as tarefas necesarias para conseguir un adecuado mantemento e para solucionar todas as incidencias que tiveron lugar. Executáronse tamén pequenas obras de adaptación de espazos para lograr usos máis flexibles dos mesmos. E continúaase coa realización de obras de mellora na eficiencia enerxética de diferentes espazos, con medidas de aforro nos consumos eléctricos e de subministro de auga, melloras de illamento térmico, substitución de equipos por outros máis eficientes, etc.

Ademais, en 2012, leváronse a cabo as seguintes actuacións específicas:

- Posta en servizo da Escola Infantil do Campus de Ourense.
- Finalización das obras de ampliación do Edificio Xurídico-Empresarial no Campus de Ourense.
- Finalización das obras de construción do vieiro da Rúa Torres, no Campus de Ourense.

Por outra banda, completouse tamén toda a tramitación administrativa para poder iniciar a construción da Escola Infantil do Campus de Vigo. Porén, a actual situación económica non permite abordar con recursos propios un investimento desa contía, polo que se decidiu adiar a súa construción.

Ao longo do exercicio 2013, están previstas as seguintes actuacións:

- Unha vez realizada a licitación e a adxudicación, executaranse as obras de urbanización do Campus de Pontevedra, que mellorarán os vieiros, os espazos de aparcamento, as zonas verdes e as instalacións de iluminación.
- Unha vez rematado o MTI, procederase á reordenación urbanística do seu entorno, para unha mellor adecuación da parada de autobús e do acceso ao propio edificio.
- Tramitación no Concello de Ourense dunha modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana que clasifique a parcela que ocupa o parque ambiental como espazo verde. Esta modificación ten por obxecto, ademais, fixar as condicións que permitan un axeitado planeamento do futuro crecemento do campus, determinando, entre outras cuestións, a reserva de solo para uso residencial, docente, investigación e servizos.
- Posta en servizo dun programa informático para a xestión das infraestruturas que permitirá unha mellor organización destas, unha mellor xestión dos mantementos preventivos, legais e correctivos, un control máis efectivo da execución das diferentes obras e unha mellor organización da información referente aos investimentos e orzamentos. Este software permitirá tamén unha máis axeitada xestión do patrimonio, substituíndo ao actual sistema.
- Inventario detallado e levantamento de esquemas, que para algunhas instalacións non existían.

---

## II.9. Infraestruturas informáticas e bibliográficas

As liñas básicas de actuación na Biblioteca Universitaria van dirixidas a atender o mantemento das coleccións que están a disposición da comunidade universitaria: bibliografía recomendada e bibliografía de investigación, revistas científico-técnicas impresas, recursos electrónicos (revistas electrónicas, bases de datos, libros-e...).

No plano da oferta de recursos de información científica, xunto ao mantemento da participación da Biblioteca Universitaria nas diversas instancias de cooperación bibliotecaria (Bugalicia, REBIUN, consorcios abertos e licenzas nacionais promovidas pola FECYT), o ano 2013 virá marcado pola entrada en funcionamento do repositorio de acceso aberto Investigo, quedando a cargo da biblioteca universitaria a súa administración.

Este repositorio vai recoller os artigos publicados en revistas científicas, os libros e capítulos de libros, as teses de doutoramento e os documentos derivados de congresos e reunións científicas producidos polos investigadores/as da nosa institución. Ao tratarse dun repositorio dixital de acceso aberto, estes documentos estarán accesibles libre e gratuitamente á toda a comunidade científica mundial.

Outra liña de actuación ten que ver co mantemento en condicións de uso das bibliotecas, en especial a Biblioteca Central do campus Lagoas-Marcosende. En conxunto as once bibliotecas proporcionan á comunidade universitaria 3.126 postos de estudo e traballo, con amplos horarios de apertura ata un total de 270 días ao ano.

A maiores a Biblioteca continuará coa prestación dos seus servizos de apoio a docencia, a investigación e a aprendizaxe: referencia e información bibliográfica, préstamo domiciliario, préstamo interbibliotecario e formación de usuarios tanto de xeito presencial como virtual.

O Arquivo Universitario ten previsto continuar coa tarefa de expurgo de expedientes logo da correspondente aprobación pola Comisión Cualificadora de Documentos.

Estes plans de expurgo responden á necesidade de liberar espazo de almacenamento dos depósitos de Arquivo para poder continuar coa recepción de transferencias de documentación dos servizos e resto de unidades administrativas da universidade.

Finalmente, ao longo do ano 2013 a Biblioteca vai continuar coa mellora e desenvolvemento dos seus sistemas de xestión da calidade (ISO 9001) e de xestión ambiental (ISO 14001).

Verbo das infraestruturas informáticas para o ano 2013, as liñas básicas de actuación son as seguintes:

Implantación do SSO (Single Sign On) para autenticarse unha soa vez nas aplicacións da Universidade



de Vigo, creación da Sede Electrónica e estudo e posta en marcha dos procedementos a incluír. Posta en marcha do ENS.

Incremento da capacidade de almacenamentos dos servidores centrais da Universidade de Vigo. Nova versión Faitic 2.0 para Teledocencia con versión para tabletas e telefonía móbil. Xestión de avisos de Xescampus aos estudantes para dispositivos móbiles.

Novas versións do Suxi, conxuntamente coas universidades de A Coruña e Santiago que deben actuar sobre a interoperatividade e opcións da xestión da investigación (grupos de investigación, produción científica, produción de transferencia, ...).

Finalización da posta en marcha do programa Canoa de contabilidade analítica.

---

## *II.10. Transferencia do coñecemento*

Unha das maiores demandas actuais da nosa sociedade é que a transferencia de coñecemento ao tecido produtivo facilite a competitividade empresarial e a xeración de emprego. A Universidade de Vigo, consciente desta necesidade, creou unha Vicerreitoría específica no seu organigrama para potenciar aínda máis, se cabe, a transferencia.

Os resultados do traballo desenvolvido maniféstanse nesta liña de actuación, na que para o ano 2013 os trazos básicos serán:

- Coordinación do procedemento para a xestión das prácticas externas dos alumnos da Universidade de Vigo. Creación e implementación dunha aplicación informática que habilite a xestión descentralizada de promoción de convenios e xestión das prácticas dende os centros, permitindo a coordinación pola vicerreitoría.
- Convocatoria pública aberta para o ano 2013 de subvencións a EBT para a localización nos espazos dispoñibles pola Universidade de Vigo en CITE XVI.
- Continuación do traballo desenvolvido en colaboración coa Vicexerencia de internacionalización para a consecución de Proxectos Europeos. Para o ano 2013 estímase solicitar tres novos proxectos.
- Resolución e reparto orzamentario da 1ª convocatoria de Producción de Transferencia.
- Modificación dos criterios de avaliación da produción de transferencia a través da experiencia adquirida no proceso de xestión da 1ª convocatoria.

- Publicación, xestión e resolución da convocatoria para a valoración dos méritos de produción de transferencia correspondentes ao ano 2011 e 2012.
- Continuación coas políticas de apoio á creación de emprego e ao emprendemento, a través de proxectos como a preincubadora de empresas e o Programa Transforme en colaboración co Concello de Vigo, xestionadas co apoio da Área de Emprego.
- Continuación do proceso de mellora da eficiencia e optimización de recursos a través da progresiva eliminación da impresión en formato texto, a creación dunha plataforma dixital e a sinatura de contratos para a edición en plataformas comerciais de edición dixital.

---

### *II.11. Responsabilidade Social Universitaria (RSU)*

A Universidade de Vigo continúa a manter as liñas básicas de Responsabilidade Social Universitaria, recollidas por primeira vez en 2011 nunha memoria específica de RSU. Para este ano, a memoria recolle un novo formato máis estandarizado na rendición de contas de responsabilidade social.

Continúan, con obxectivos específicos e con sentido de transversalidade dentro da nosa institución, as seguintes políticas: Bolsas de estudantes, acción social, igualdade de xénero, conciliación da vida laboral e familiar, sostibilidade ambiental e enerxética e normalización lingüística, entre as máis salientables.

Mención especial ten, para este exercicio, o aumento do Capítulo IV de transferencias correntes, que aumenta un 9,41% verbo de 2012, cun importe de 8.523.000 €.

Entre as novas iniciativas, algunhas actuacións previstas para este ano son:

- Auditoría de revisión anual do sistema de xestión ambiental (SXA) baixo a norma ISO 14001
- Recuperación das marxes e dragado da lagoa de Ciencias
- Montaxe dun horto escolar na Escola Infantil do campus de Pontevedra
- Auditoría do grado de implantación do Plan de Prevención da Universidade
- Instalación de desfibriladores e formación o persoal para o seu uso co fin de acadar a certificación ZC-12010 de zonas cardioprotexidas

---

## *II.12. Extension universitaria: actividades culturais e deportivas*

Tal e como se viña facendo, a prioridade no ámbito de extensión universitaria é a de desenvolver acordos e convenios que faciliten a optimización de recursos para o desenvolvemento das actividades e para chegar ao maior número posible de participantes.

Na actividade cultural, as liñas básicas pasan polo mantemento das seguintes actividades:

- Conferencias, obradoiros, seminarios
- Espectáculos (teatro, música, contacontos)
- Concerto de Nadal
- Cinema (submarino, cineforums varios)
- Concursos (fotografía, música, fotografía científica)
- Edicións especiais de publicacións

Na actividade deportiva, manteranse o conxunto das actividades actuais, malia a desaparición en 2013 de programas de subvencións de entidades públicas aos que se acollía a universidade.

No conxunto dos outros programas de extensión universitaria, manteranse as actividades do programa de maiores, de apoio á discapacidade, de orientación aos estudantes e de bolsas de residencia, transporte e comedor.

---

### III. Orzamento de ingresos

---

#### III.1. Liñas xerais da previsión orzamentaria de ingresos

Partindo do feito de que a data de hoxe se descoñece o importe dos orzamentos da Comunidade Autónoma e, daquela, o valor das achegas á Universidade de Vigo, estimamos para o exercicio 2013 un orzamento de ingresos de 163.216.352 €.

Esta contía supón un valor semellante á do exercicio anterior, cun mínimo incremento porcentual do 0,15%; sen embargo, representa o remate dunha serie continuada de descenso dende os orzamentos do ano 2009, como amosa o gráfico n° 4, de evolución dos orzamentos na Universidade de Vigo




Gráfico 4. Evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo 2009-2013.

Se analizamos a distribución dos ingresos por capítulos –que se recolle na táboa n° 9- o conxunto dos ingresos deste exercicio presenta un valor total e unha composición moi semellante ao do exercicio anterior. Malia isto, debemos salientar a existencia dalgunhas diferenzas importes que explican a causa de

que a nosa institución sexa capaz de rematar a caída do importe de ingresos, á baixa dende 2009.

#### ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	2012	2013	%
III Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.854.000 €	15.779.000 €	-0,47%
IV Transferencias correntes	111.536.693 €	111.954.848 €	0,37%
V Ingresos patrimoniais	190.000 €	355.000 €	86,84%
<b>Ingresos correntes</b>	<b>127.580.693 €</b>	<b>128.088.848 €</b>	<b>0,39%</b>
VII Transferencias de capital	19.318.964 €	24.313.964 €	25,86%
VIII Variación de activos financeiros	16.070.088 €	10.813.540 €	-32,67%
<b>Ingresos de capital</b>	<b>35.389.052 €</b>	<b>35.127.504 €</b>	<b>-0,71%</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>162.969.745 €</b>	<b>163.216.352 €</b>	<b>0,15%</b>

Táboa 9. Orzamento de Ingresos 2013.

En primeiro lugar, no que corresponde ao Plan de financiamento do SUG, o financiamento do fondo estrutural mantense para o conxunto do sistema, pero a maior participación do reparto por criterios (un 10% en 2013) fai incrementar a participación da Universidade de Vigo sobre o total dos fondos, xa que a porcentaxe que nos corresponde por resultados é maior que a que se viña recibindo cos criterios históricos que proviñan do plan de financiamento anterior (2005-2010).

O gráfico nº5 presenta o valor das achegas dos plans de financiamento á Universidade de Vigo dende 2009. Pódese apreciar como a entrada dos criterios de reparto por obxectivos do 5% do financiamento estrutural en 2012, xa permitiu no ano anterior que o valor das achegas á nosa institución fose algo maior ao estimado a finais de 2011.

A elevación ao 10% deste ano debe permitir compensar parcialmente o financiamento perdido durante a crise.

A outra modificación a salientar na estrutura de ingresos consiste na substitución dos ingresos por convocatorias públicas de investigación, cada vez de menor importe, pola consecución de fondos comunitarios en réxime de concorrencia competitiva, particularmente cos proxectos Táctica (AtlanTic), Biocaps e Green It (Erasmus Mundus). Os resultados a través de fondos da Unión Europea van tomando o relevo das convocatorias autonómicas e estatais.




Gráfico 5. Achegas dos Plans de Financiamento á Universidade de Vigo. 2009-2013.

Dentro da distribución por capítulos, os procedentes do capítulo terceiro de taxas, prezos públicos e outros ingresos, teñen unha previsión similar á do exercicio pasado, no que se produciron uns elevados resultados de matrícula en grao e posgrao, cunha lixeira diminución prevista do 0,47%, ao ter en conta a desaparición dos últimos cursos das licenciaturas.

O capítulo de transferencias correntes continúa a supoñer a meirande parte dos ingresos, nunha porcentaxe maioritaria e similar á de 2012. Dentro do capítulo, a procedente do financiamento por resultados gaña peso relativo no conxunto, como se comentou anteriormente.

O conxunto dos ingresos correntes experimenta unha mínima variación, cun crecemento porcentual do 0,39%, e un importe global de 128.088.848 €.




Gráfico 6. Composición do Ingreso por Capítulos.

Verbo das operacións de capital, nos ingresos previstos en concepto de transferencias de capital (Capítulo VII) estímase un aumento aproximado de cinco millóns de euros, que compensa na súa práctica totalidade a redución de activos financeiros (Capítulo VIII), derivado da utilización durante 2012 de remanentes de proxectos executados neste exercicio, particularmente do Campus de Excelencia Internacional e do Centro de Investigación Biomédica (CINBIO).

A suma de ambos efectos achega un total de 35.127.504 € en concepto de ingresos de capital, que supón unha redución do 0,71% verbo de 2012.

O resultado agregado dos ingresos correntes e de capital, cunha lixeira variación en sentido inverso, acada os 163.216.352 €, un 0,15% superior ao valor do exercicio anterior.

Coherentemente co dito cara ao exercicio 2013 realizase unha estimación de ingresos prudente e realista. O seu resultado por capitulo, conceptos e subconceptos figura resumido na Táboa 10.

<b>Estimación de ingresos para o exercicio 2013</b>		
<b>Capítulo III Taxas, prezos públicos e outros ingresos</b>		
<b>31</b>	<b>Prezos públicos</b>	<b>15.015.000,00</b>
310	Dereitos de matrícula en cursos e seminarios	100.000,00
311	Cotas de instalacións deportivas e outros espazos	300.000,00
313	Dereitos de matricula e servizos académicos	14.600.000,00
314	Outros ingresos de extensión universitaria	15.000,00
<b>32</b>	<b>Outros ingresos procedentes</b>	<b>760.000,00</b>
327	Servizos prestados por actividades investigadoras	410.000,00
328	Dereitos de Custes indirectos	350.000,00
<b>33</b>	<b>Venda de bens</b>	<b>4.000,00</b>
330	Venda de publicacións propias	4.000,00
<b>Total Capítulo III</b>		<b>15.779.000,00</b>
<b>Capítulo IV. Transferencias correntes</b>		
<b>40</b>	<b>Da Administración do Estado</b>	<b>3.638.500,00</b>
400	Do MEC	3.638.500,00
<b>41</b>	<b>De Organismos Autónomos Administrativos</b>	<b>70.000,00</b>
410	De Organismos Autónomos Administrativos	70.000,00
<b>45</b>	<b>Da Comunidade Autónoma</b>	<b>106.724.848,00</b>
450	Da Xunta	106.724.848,00
450.00	Financiamento Estrutural	84.470.000,00
450.01	Financiamento por Resultados	13.177.000,00
450.02	Financiamento por Mellora da Calidade	6.480.000,00
450.03	Prazas Vinculadas e Persoal de Investigación	2.321.522,95
450.09	Outras Subvencións	276.325,05
<b>46</b>	<b>De corporacións locais</b>	<b>475.100,00</b>
460	De Concellos	255.000,00
461	De Deputacións	220.100,00
<b>47</b>	<b>De empresas privadas</b>	<b>963.400,00</b>
470	De empresas privadas	963.400,00
<b>48</b>	<b>De familias e institucións sen ánimo de lucro</b>	<b>83.000,00</b>
481	De familias e institucións sen ánimo de lucro	83.000,00
<b>Total Capítulo IV</b>		<b>111.954.848,00</b>
<b>Capítulo V. Ingresos Patrimoniais</b>		
<b>52</b>	<b>Intereses de depósitos</b>	<b>300.000,00</b>
520	Intereses de contas bancarias	300.000,00
<b>54</b>	<b>Rendas de bens inmoables</b>	<b>50.000,00</b>
540	Alugueiros de locais	50.000,00
<b>55</b>	<b>Produtos de concesións administrativas</b>	<b>5.000,00</b>
550	Produtos de concesións administrativas	5.000,00



<b>Total Capitulo V</b>		<b>355.000,00</b>
<b>Capitulo VII. Transferencias de Capital</b>		
<b>70</b>	<b>Da Administración do Estado</b>	<b>5.000.000,00</b>
700	De Ministerios	5.000.000,00
<b>75</b>	<b>Da Comunidade Autónoma</b>	<b>8.368.964,00</b>
750	Da Xunta	8.368.964,00
750.00	Financiamento Estrutural	1.982.964,00
750.02	Proxectos de Investigación	5.500.000,00
750.03	Infraestrutura de Investigación	886.000,00
<b>76</b>	<b>De corporacións locais</b>	<b>160.000,00</b>
760	De Concellos	80.000,00
761	De Deputacións	80.000,00
<b>77</b>	<b>De empresas privadas</b>	<b>3.500.000,00</b>
770	De empresas privadas	0,00
771	Contratos de investigación	3.500.000,00
<b>79</b>	<b>Do exterior</b>	<b>7.285.000,00</b>
790	Da Unión Europea	7.285.000,00
<b>Total Capitulo VII</b>		<b>24.313.964,00</b>
<b>Total Operacións Non Financeiras</b>		<b>152.402.812,00</b>
<b>Capitulo VIII. Variación de Activos Financeiros</b>		
<b>87</b>	<b>Remanente de tesourería</b>	<b>10.813.540,00</b>
870	Remanentes de tesourería	10.813.540,00
<b>Total Capitulo VIII</b>		<b>10.813.540,00</b>
<b>Total Operacións Financeiras</b>		<b>10.813.540,00</b>
<b>TOTAL</b>		<b>163.216.352,00</b>

Táboa 10. Estimación do Orzamento de Ingresos por capítulos, artigos e conceptos

### III.2. Criterios de previsión.

Os criterios empregados para facer esta estimación de ingresos en cada capítulo foron os seguintes:

**Capítulo III –Prezos públicos–** Inclúe a estimación dos ingresos por dereitos de matrícula no curso académico 2013-2014, por servizos académicos e por cursos e seminarios, así como os ingresos derivados das escolas deportivas, cotas de acceso a instalacións, venda de publicacións e custos indirectos de actividades investigadoras. O seu importe total é de 15.779.000 €, o que implica un decremento do 0,47% sobre os ingresos consignados no orzamento de 2012.

A estimación dos diferentes conceptos de ingreso deste capítulo faise a partir das seguintes previsións:

Concepto 310: Neste concepto figuran 100.000 euros como estimación dos ingresos a obter polos cursos e obradoiros de extensión universitaria.

Concepto 311: Neste concepto figuran 300.000 euros como estimación dos ingresos a obter polas cotas de entrada ás instalacións, especialmente deportivas. Isto implica un notable incremento dos recursos que temos previsto obter con respecto a cantidade orzada no exercicio 2012.

Concepto 313: Neste concepto a previsión que se fai é de 14.600.000 €, o que supón unha diminución dos ingresos consignados no exercicio de 2012, que é o que fundamentalmente explica a baixada neste capítulo. Trátase dunha previsión prudente e realista baseada nos datos de liquidación de taxas realizadas nos exercicios precedentes e na recadación acadada ata o momento neste exercicio, tendo en conta que no curso 2012-2013 rematan os últimos cursos das licenciaturas.

Concepto 327: Este concepto inclúe unha previsión dos ingresos estimados por custos indirectos pola prestación de servizos asociados as actividades investigadoras, así como a previsión de facturación do CACTI, da ECIMAT e do CITI.

Concepto 328: O importe consignado neste concepto inclúe o 10% dos custos indirectos da facturación por contratos con empresas privadas que se xestionan a través do servizo de apoio á investigación. Tamén é unha previsión conservadora, seguindo o principio de prudencia valorativa.

Concepto 330: Neste concepto inclúense os importes correspondentes á venda de publicacións propias.

**Capítulo IV –Transferencias correntes–** Neste capítulo compútanse todos os ingresos de natureza corrente que a institución recibe, en xeral, dos diversos entes que integran o sector público estatal (Administración Xeral do Estado, os seus ministerios, organismos autónomos, empresas públicas), ademais dos procedentes da Xunta de Galicia, das corporacións locais e das empresas privadas.

Constitúen a fonte de ingresos máis importante do orzamento da Universidade de Vigo e o seu volume incrementábase minimamente o 0,37% (0,47M€). Se ben as achegas previstas a través do Plan de Financiamento do SUG incrementábase, outras partidas experimentan unha caída significativa, caso das achegas do Estado, compensándose as cifras no seu conxunto.

Con máis detalle, a previsión dos principais conceptos de ingreso deste capítulo está realizada do seguinte xeito:

Concepto 400: Inclúe as diversas transferencias procedentes do MEC para financiar os programas de investigadores contratados cos programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, FPU, FPI e outros investigadores posdoutorais, así coma os ingresos obtidos nas convocatorias para técnicos de I+D e técnicos en infraestruturas. Son, daquela, ingresos finalistas que teñen consignados os respectivos créditos na correspondente partida de gasto do Capítulo I.

Tamén se inclúen as partidas referidas as axudas á mobilidade de docentes, investigadores e estudantes, caso das axudas aos Erasmus, proporcionadas polo Estado.

No seu conxunto, estimamos para todas estas partidas unha caída salientable, de preto do 51% neste exercicio.

Concepto 450: inclúe as diversas transferencias correntes procedentes da Xunta de Galicia, axustándose as mesmas ao establecido no Plan de Financiamento do SUG 2011-2015. No seu conxunto estimamos un crecemento dun 1,94% -2.067 m€, produto dos resultados acadados pola Universidade de Vigo no reparto competitivo dos fondos contidos no Plan de Financiamento. A distribución e a evolución varía verbo do exercicio precedente.

Subconcepto 450.00: Fondo Estrutural. Esta partida atende a cobertura dos custes fixos da Universidade. Inclúe 200.000 € para o sostemento do Consello Social da Universidade. Esta partida experimenta un decrecemento dun 4,89%, produto da minoración do importe global a repartir no SUG, pese a mellora da situación relativa da Universidade de Vigo, como xa se explicou anteriormente.

Subconcepto 450.01: Financiamento por Resultados. Esta partida incrementa a súa contía verbo do 2012 en 6.810 m€, un 51,68%. Trátase dun fondo competitivo que retribúe os resultados docentes, de investigación e de transferencia de coñecemento da Universidade. Este fondo para o total do SUG, a partires desta anualidade, pasa a significar o 10% do total das achegas contidas no Plan de Financiamento.

Subconcepto 450.02: Financiamento por Mellora da Calidade. Neste exercicio prevese un crecemento dun 8,33% -540 m€, ao repartirse nesta anualidade o 60% do fondo atendendo a criterios competitivos. Estímase que a Universidade de Vigo acade ou mellore os resultados porcentuais obtidos no reparto no exercicio 2012.

Subconcepto 450.03: Prazas vinculadas e persoal de investigación. Este subconcepto incorpora as transferencias da Xunta de Galicia para financiar o programa dos investigadores Parga Pondal, María Barbeito, Ángeles Alvariño, Lucas Labrada e Isabel Barreto. Ademais, incorpora transferencias para as denominadas “prazas vinculadas” docentes que exercen no Servizo Galego de Saúde. No seu conxunto experimentan un decrecemento salientable produto da diminución das partidas destinadas a estes fins.

Subconcepto 450.09: Outros ingresos. Incorporáanse as previsións de transferencias da Xunta de Galicia de perfil diverso, fundamentalmente relacionadas con convenios específicos asociados ao desenvolvemento da oferta formativa dos posgraos profesionalizantes, nas que tamén se estiman baixadas.

Conceptos 460 e 461: Compútanse nestes epígrafes os ingresos por convenios cos Concellos de Vigo e Pontevedra e coas Deputacións de Ourense e Pontevedra, que achegarán 200.000, 55.000, 151.200 e 55.000 euros respectivamente para colaborar en diferentes actividades da Universidade. Salientar a incorporación do Concello de Vigo a través do Plan Municipal de Emprego, posto en marcha a finais do 2012.

Concepto 470: Neste concepto compútanse como previsión de ingreso as transferencias procedentes de empresas privadas. Recolle fundamentalmente as achegas do Banco de Santander, tanto para o Campus de Excelencia Internacional, Campus do Mar, como para outros programas e actividades da Universidade. Destaca a consolidación do Programa Banco Santander CRUE-CEPYME, posto en marcha a mediados do 2012.

**Capítulo V –Ingresos patrimoniais**– Contén xuros de títulos e de contas bancarias, xerados polos investimentos a curto prazo dos excedentes de tesourería. Este ano, dado que se espera dispor de maior tesourería, produto dos éxitos acadados nas convocatorias europeas, a previsión de ingresos por este concepto é de 355.000 €, un 46,5% máis ca o exercicio anterior.

**Capítulo VII –Transferencias de capital**– A maior parte das previsións de ingresos consignados neste capítulo teñen a súa orixe nas achegas por proxectos en concorrencia nos programas da UE, do MEC e da Xunta de Galicia, por ingresos incluídos dentro do Plan de Financiamento da Xunta 2011-2015 e por contratos con institucións e empresas. No seu conxunto agárdase un crecemento dun 25,86%, sendo a partida que experimenta un maior crecemento.

Con máis detalle, a previsión dos principais conceptos de ingreso deste capítulo está realizada do seguinte xeito:

Concepto 700: Neste concepto compútanse as previsións de ingresos en concorrencia obtidos polos grupos de investigación da Universidade de Vigo en diversas convocatorias da Administración Central do Estado. O principal aspecto salientable, ao igual que noutras achegas do Estado, e a caída dos importes acadados. Polo demais, a repercusión destes ingresos non xera marxe para a institución no seu conxunto, xa que son ingresos afectados aos gastos e figurarán despois polo mesmo importe no programa 131H da Vicerreitoría de Investigación.

Concepto 750: Neste concepto compútanse as previsións de ingresos por todas as transferencias de capital recibidas da Xunta de Galicia, e inclúen tanto os diferentes fondos recollidos no Plan de Financiamento do SUG coma as previsións de recursos a obter nas diversas convocatorias competitivas ás que concorren os grupos de investigación da Universidade. Distínguense os seguintes subconceptos:

Subconcepto 750.00: Financiamento Estrutural. É un dos apartados do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, que atendendo ao indicado no mesmo permanece inalterable durante o período.

Subconcepto 750.02: Proxectos de investigación. Neste subconcepto compútanse as previsións de ingresos en concorrencia obtidos polos grupos de investigación da Universidade de Vigo en diversas convocatorias da Administración Autonómica. O ingreso, pese a unha lixeira minoración, mantén un importe razoable grazas a ao éxito que están a acadar os grupos de investigación da Universidade.

Subconcepto 750.03: Infraestruturas de investigación. Neste subconcepto inclúese a contribución da Xunta de Galicia para o abono de préstamos reintegrables concedidos polo Ministerio de Educación. Tamén se mantén inalterable, en función do convenio específico asinado no seu momento.

Conceptos 760 e 761: Compútanse neste epígrafe parte dos ingresos do convenio coa Deputación de Ourense, que achegará 80.000 € para colaborar en diferentes actividades no eido da investigación, coordinadas dende a Vicerreitoría do Campus de Ourense, máis outras achegas de concellos.

Concepto 771: Contratos de investigación. Neste concepto consígnanse os ingresos procedentes dos contratos de investigación asinados polos grupos de investigación da Universidade de Vigo. O seu importe —3.500.000 €— supón un decremento de 250.0000 € sobre o consignado no pasado exercicio, produto da evolución da situación na contorna socioeconómica.

**Capítulo VIII - Variación de activos financeiros-** Este capítulo de ingresos, no único concepto 870 “Remanente de Tesourería” inclúe como partidas máis salientables os remanentes de ingresos afectos á execución de actividades concretas: Campus de Excelencia Internacional, CINBIO, INPLANTA, GREEN

IT, etc., así como unha partida de remanente de libre disposición destinada fundamentalmente á amortización de prestamos e anticipos reembolsables para infraestruturas de investigación da Universidade de Vigo. Destaca a baixada de preto dun 32% verbo do exercicio precedente, produto dunha xestión mais axustada as regras que nos impón a política de control do déficit.

---

#### IV. Orzamento de gastos

---

##### IV.1. A previsión orzamentaria de gastos

Polo obrigado principio de equilibrio orzamentario, o importe final do orzamento de gastos é igual ca o do orzamento de ingresos. A Táboa nº11, que se acompaña deseguido, recolle a súa distribución prevista por capítulos e a comparanza co exercicio 2012:

CAPÍTULO	2012	2013	%
I Persoal	93.598.000 €	93.238.000 €	-0,38%
II Gastos correntes	25.185.021 €	24.909.149 €	-0,35%
III Gastos financeiros	50.000 €	50.000 €	0,00%
IV Transferencias correntes	7.592.497 €	8.523.200 €	9,41%
V Fondos de continxencia	360.000 €	360.000 €	0,00%
<b>Operacións correntes</b>	<b>126.785.518 €</b>	<b>127.080.349 €</b>	<b>0,22%</b>
VI Investimentos reais	33.592.227 €	33.366.003 €	-0,64%
VIII Activos financeiros	50.000 €	120.000 €	140,00%
IX Pasivos financeiros	2.542.000 €	2.650.000 €	4,25%
<b>Operacións de capital</b>	<b>36.184.227 €</b>	<b>36.136.003 €</b>	<b>-0,10%</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>162.969.745 €</b>	<b>163.216.352 €</b>	<b>0,15%</b>

Táboa 11. Orzamento de Gastos.

O estudo dos diferentes capítulos de gasto amosa escasas diferenzas coa distribución do exercicio pasado, se ben na súa composición interna, os capítulos incorporan cada vez en maior parte gasto finalista, derivado dos proxectos acadados en convocatorias de cooperación, investigación e transferencia.

O capítulo I, de gastos de persoal, segue a ser a principal partida de gasto (un 57,43% do total do orzamento, como amosa o gráfico nº4), cun importe de 93.238.000 €, o que significa unha mínima redución do 0,38% en relación ao exercicio anterior.

O capítulo II, de gasto corrente, ten unha previsión de 24.909.149 €, cun valor tamén próximo ao do pasado exercicio. Son contías moi baixas para o volume total do orzamento, pero o seu control, sumado ao do capítulo IV de transferencias correntes, é o que pode permitir á institución procurar o equilibrio orzamentario entre ingreso corrente e gasto corrente sen afectar substantivamente ao capítulo de persoal. En todo caso, e como xa sucedera no exercicio 2012, a maior obtención do fondos da Universidade de

Vigo en convocatorias finalistas, coma o Campus de Excelencia Internacional ou agora en proxectos europeos, eleva o importe total do gasto corrente e das transferencias.




Gráfico 7. Composición do Gasto por Capítulos.

O Capítulo IV, de transferencias correntes, representa 8.523.200 €, cun incremento do 9,41% verbo de 2012. Ao igual que no capítulo II de gasto corrente, o previsible aumento é exclusivamente atribuíble ao gasto asociado aos novos proxectos acadados, que aportan o ingreso correspondente a estes gastos.

Dentro deste capítulo, unha partida de especial significación é a das bolsas para estudantes, que no seu conxunto (concepto 482) chegan a unha contía de 3.338.000 €, cun aumento do 46,73% sobre o ano anterior. A aparición do novos programas propios coma o Campus do Mar ou Green It (Erasmus Mundus) están a xerar novas bolsas de colaboración ou de estancia e mobilidade. Pola contra, outra partida significativa do capítulo, a das bolsas de intercambio (artigo 49) experimentan unha baixa do 19,29%, consecuencia directa da redución das achegas doutras administracións públicas.

Outra forma de visualizar a aposta polo estudantado, como imos ver na táboa nº14 é a evolución do Programa de apoio ao Alumnado e á Docencia que recolle na clasificación funcional o incremento das achegas en bolsas, así coma outras liñas de apoio correspondentes a outras clasificacións económicas, coma a subvención para transporte (artigo 47).

O capítulo VI, Investimentos reais, toma un valor de 33.366.003 €, cunha lixeira diminución do 0,64% en relación a 2012. É preciso salientar que o valor deste capítulo tivo xa unha redución severa entre 2009 e 2011, supoñendo agora o 20,44% sobre o total do gasto, porcentaxe algo inferior á de 2012 (20,61%).



Mantense, neste sentido, a política de investimento ligado á consecución de fondos finalistas a ese efecto, dando prioridade á consecución do equilibrio orzamentario, particularmente no saldo de ingresos e gastos correntes.

É conveniente separar, dentro do capítulo de investimentos, a evolución dos seus dous artigos principais, o 62 (investimento en inmovilizado físico) e o 64 (investimento inmaterial). O investimento físico tense reducido en moita maior proporción, pasando de 13.389.161 en 2012 a 7.560.503 en 2013, unha caída do 43,53%.

Pola contra, o artigo 64 (inmaterial) pasa de 20.192,396 en 2012 a 25.805.500 en 2013, cun aumento dun 27,80%.

Estamos, por tanto, ante un cambio substantivo, xa que a redución en investimento de activos físicos estase compensando cun aumento do inmaterial.

Dentro do investimento inmaterial, tamén é importante coñecer, dentro das fontes de financiamento externas, de onde proceden os fondos, posto que estanse a producir cambios internos:

	2012	2013	% var
644 MEC	2.400.000 €	1.500.000 €	-37,50%
645 Xunta	5.600.000 €	5.500.000 €	-1,79%
646 cofinanciados (MEC, UE)	5.024.396 €	11.162.500 €	122,17%
647 outros organismos	154.000 €	360.000 €	133,77%
648 actividades i+d (contratos + UE)	3.750.000 €	5.100.000 €	36,00%
Totais	16.930.408 €	23.624.513 €	39,54%

Táboa 12. Principais procedencias de fondos de investimento inmaterial (artigo 64 dos orzamentos)

Como se aprecia na táboa nº 12, o cofinanciamento de fondos, particularmente europeos, é o que permite compensar a baixa doutros (nomeadamente do Ministerio de Educación), facendo aumentar o conxunto dos ingresos.

Para rematar, o capítulo VIII, de activos financeiros, e o capítulo IX, de pasivos financeiros, teñen variacións elevadas en sentido porcentual mais cativas no volume global do orzamento, consecuencia no volume dos pasivos financeiros da amortización de préstamos institucionais a longo prazo para o financiamento de infraestruturas de investigación e transferencia.

En definitiva, o conxunto do gasto continúa na senda da contención e dos compromisos asumidos no plan de sustentabilidade financeira, materializándose os aumentos, ao igual que no investimento, na captación de fondos finalistas, que aportan os ingresos total ou parcialmente para financiar os gastos e os investimentos.

Seguindo coa análise do orzamento de gastos, na Táboa 13 podemos observar outro indicador da situación financeira que presenta a Universidade de Vigo. Obtense comparando os saldos das operacións correntes e de capital, que serán en todo caso de igual contía pero de signo contrario.

<b>Capítulos Ingreso</b>	<b>2013</b>	<b>2013</b>	<b>Capítulos Gasto</b>
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.779.000	93.238.000	I. Gastos de persoal
IV. Transferencias correntes	111.954.848	24.909.149	II. Gastos correntes en bens e servizos
V. Ingresos Patrimoniais	355.000	50.000	III. Gastos financeiros
		8.523.200	IV. Transferencias correntes
		360.000	V. Fondo de Continxencia
<b>Operacións Correntes</b>	<b>128.088.848</b>	<b>127.080.349</b>	<b>Operacións Correntes</b>
<b>Saldo Corrente 2013</b>	<b>1.008.499</b>		
Saldo Corrente 2012	795.175		
VII. Transferencias de Capital	24.313.964	33.366.003	VI. Investimentos reais
VIII. Variación de Activos Financeiros	10.813.540	120.000	VIII. Activos financeiros
IX. Variación de Pasivos Financeiros	0	2.650.000	IX . Pasivos financeiros
<b>Operacións de Capital</b>	<b>35.127.504</b>	<b>36.136.003</b>	<b>Operacións de Capital</b>
<b>Saldo de Capital 2013</b>	<b>-1.008.499</b>		
Saldo de Capital 2012	-795.175		

Táboa 13. Análise dos saldos correntes e de capital 2013

Consonte á planificación establecida, hai que salientar que neste exercicio o resultado do saldo de

operacións correntes e positivo. Continuando coa senda establecida no exercicio 2012, segue a manterse na relación entre ingreso e gasto corrente a fórmula normal de funcionamento. Isto é produto tanto das modificacións que se introduciron na estrutura do Plan de Financiamento do SUG, como dos importantes esforzos de xestión que segue a realizar a Universidade de Vigo.

---

#### *IV.2. Orzamento de gastos por programas*

Os créditos do orzamento de gasto organízanse atendendo a tres clasificacións: a económica, a funcional ou por programas e a orgánica.

No referido á Estrutura Funcional mantense a clasificación establecida nos anteriores orzamentos segundo se recolle na Táboa 14.

<b>Código</b>	<b>Denominación</b>
111L	Docencia
121D	Apoio ao Alumnado e a Docencia
131H	Fomento e Desenvolvemento da Investigación
141B	Dotación de Fondos Bibliográficos
211E	Extensión Universitaria
311V	Dotación e Mantemento de Infraestruturas
421S	Goberno e Administración da Universidade

*Táboa 14. Estrutura Funcional e por Programas do Orzamento de Gastos*

Cada programa funcional desenvólvese, cando é preciso, mediante subprogramas, atendendo ao que precisa cada centro de gasto.

A evolución cuantitativa dos programas entre o exercicio 2011 e 2012 apréciase na Táboa 15.

<b>Programas</b>	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>Variación %</b>
111L. Docencia	7.223.110	7.402.317	2,48%
121D. Apoio ao Alumnado e á Docencia	4.156.415	5.310.380	27,76%
131H. Fomento e Desenvolvemento da Investigación	30.363.194	33.446.748	10,16%
141B. Dotación Fondos Bibliográficos	2.480.356	2.529.900	2,00%
211E. Extensión Universitaria	1.505.100	1.452.000	-3,53%
311V. Dotación e Mantemento Infraestruturas	18.244.900	14.073.407	-22,86%
421S. Goberno e Administración da Universidade	98.996.670	99.001.600	0,00%
<b>TOTAIS</b>	<b>162.969.745</b>	<b>163.216.352</b>	<b>0,15%</b>

*Táboa 15. Orzamento de gastos por Programas*

A evolución dos programas de gasto é dispar. Destaca o crecemento dos programas asociados ao Apoio ao Alumnado e á Docencia –en especial- e ao Fomento e Desenvolvemento da Investigación. Tamén teñen un comportamento positivo o programa de Docencia e o de Dotación de Fondos Bibliográficos. O programa de Goberno e Administración da Universidade mantén case que as mesmas cifras do exercicio 2012. Pola contra o programa de Dotación e Mantemento de Infraestruturas experimenta un máis que salientable descenso (-4.171 m€), sendo moito menor o referido a Extensión Universitaria.

Esta distribución implica que as apostas da Universidade pola Fomento e Desenvolvemento da Investigación e polo Apoio ao Alumnado e á Docencia, ten que levar parella unha caída dos gastos no programa de Dotación e Mantemento de Infraestruturas –centrado cada vez máis no mantemento-, ao efecto de manter o principio de equilibrio orzamentario e o control do déficit a que nos obriga a normativa en vigor e o propio Plan de Financiamento do SUG.

A Estrutura Orgánica que se emprega no orzamento recóllese na seguinte táboa.

<b>Código</b>	<b>Denominación</b>
0000	Reitoría/Xerencia
00CS	Consello Social
00DC	Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade
00EP	Vicerreitoría de Economía e Planificación
00EU	Vicerreitoría de Extensión Universitaria
00RI	Vicerreitoría de Relacións Internacionais
00TG	Tribunal de Garantías
00VT	Vicerreitoría de Transferencia do Coñecemento
00VI	Vicerreitoría de Investigación
OUR1	Vicerreitoría do Campus de Ourense
PON1	Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
BUV1	Biblioteca Universitaria
ORII	Oficina de Relacións Internacionais
CAT1	Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación - CACTI
CIB1	Centro de Investigacións Biomédicas - CINBIO
CITI	Centro de Investigación, Transferencia e Innovación de Ourense -CITI
EMT1	Estación de Ciencias Mariñas de Toralla -ECIMAT
MTII	Modulo Tecnolóxico Industrial - MTI
ATI1	Centro Singular de Investigación AtlanTIC
INB1	Agrupación Estratéxica para a Investigación en Biomedicina - INBIOMED
AEO1	Agrupación Estratéxica Oceanografía-ECIMAT – AEO-ECIMAT
CIA1	Agrupación Estratéxica Centro de Investigación Agroalimentaria - CIA
ACE1	Agrupación Estratéxica ACio en Tecnoloxías da Información e a Investigación -ACETIC
00XX	Facultades e Escolas Universitarias
ALXX	Delegacións de alumnos
LLXX	Departamentos

*Táboa 16. Estrutura Orgánica do Orzamento de Gastos*

Neste exercicio introdúcense modificacións salientables para visibilizar os cambios introducidos na xestión da Universidade, por unha banda dando cabida aos Centros de Apoio a Investigación, aos Centros Singulares de Investigación e ás Agrupacións Estratéxicas. Por outra banda, atendendo aos requirimentos

do proceso de implantación da contabilidade analítica, visibilízanse por primeira vez no orzamento as delegacións de estudantes.

A clasificación económica dos créditos de gasto estrutúraos, atendendo a súa natureza, en capítulos, artigos, conceptos e subconceptos se fose o caso.

Capítulo	Denominación
I	Gastos de persoal
II	Gastos en bens e servizos correntes
III	Gastos financeiros
IV	Transferencias correntes
V	Fondo de continxencia
VI	Investimentos reais
VIII	Activos financeiros
IX	Pasivos financeiros

*Táboa 17. Estrutura Económica do Orzamento de Gastos*

Neste exercicio modifícanse os elementos da clasificación económica de gastos que aínda non se correspondían co establecido na Resolución de 19 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral de Presupostos (BOE 28 de xaneiro de 2009), que é a que veñen utilizando tanto o Estado, como a Xunta de Galicia, para homoxeneizar definitivamente a clasificación do orzamento de gastos coas demais administracións e para facilitar a correlación cos elementos de custo da contabilidade analítica.

Atendendo á clasificación Funcional e por Programas, pasamos a continuación a describir os obxectivos e principais contidos dos distintos programas, seguindo a súa desagregación en función da clasificación Orgánica adoptada.

---

### IV.3. Docencia.

O programa de Docencia acada un valor de 7.402 m€, cun crecemento do 2,48% - produto, basicamente, dos resultados acadados polos Centros nos primeiros contratos programa da Universidade.

Os importes contidos no programa inclúen:

- a) Os importes destinados ao sostemento dos Centros, por valor de 4.932 m€.
- b) Os importes correspondentes aos Programas Oficiais de Posgrao, cunha contía total de máis de 1.669 m€.
- c) A dotación do Título Propio de Têxtil e Moda que acada os 335 m€.
- d) A dotación das delegacións de estudantes que acadan os 47 m€, e que, por mor dos requisitos da contabilidade analítica, individualízanse a nivel de orgánica no orzamento.
- e) O importe correspondente a Produción Docente dos Centros, que distribúe a Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade –atendendo a criterios de calidade docente- por valor de 300 m€.
- f) Unha previsión orzamentaria por valor de 120.000€, correspondente ás axudas ás novas titulacións ou transformacións dos estudos de grao e posgrao, dotados nunha orgánica específica. Esta será xestionada pola Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, para a axuda a posta en marcha de novos títulos de mestrado. Será transferida á partida de cada titulación unha vez estas propostas de planos de estudos sexan definitivamente autorizadas polo “Consello de Universidades” e pola Xunta de Galicia.

---

#### Orgánica: XXXX - Funcional: 111L

Art.	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>21</b>			<b>Reparación e conservación</b>			<b>980.056</b>
	212		De edificios e outras construcións		344.700	
	213		De maquinaria, instalacións e ferramenta		552.274	
	215		De mobiliario e equipamento		83.082	
<b>22</b>			<b>Material, subministración e outros</b>			<b>5.224.845</b>
	220		Material de oficina		314.447	

221	Subministracións		2.920.870
221.01	De servizos administrativos	2.518.500	
221.02	De docencia	402.370	
222	Comunicacións		64.579
223	Transportes		110.379
226	Gastos diversos		1.694.141
226.01	Atencións protocolarias	87.940	
226.02	Publicidade e propaganda	49.804	
226.06	Cursos, conferencias e seminarios	1.018.931	
226.09	Cotas de organismos	1.350	
226.99	Outros gastos	536.116	
227	Traballos realizados por outras empresas		120.429
227.09	Outros	120.429	
<b>23</b>	<b>Indemnización por razón de servizos</b>		<b>835.220</b>
230	Axudas de custo e locomoción		420.991
233	Outras indemnizacións		414.229
<b>Total capítulo II</b>			<b>7.040.121</b>
Cap. IV. Transferencias correntes			
<b>48</b>	<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>		<b>29.900</b>
482	Bolsas estudantes		29.900
482.99	Outras bolsas para estudantes	29.900	
<b>Total capítulo VI</b>			<b>29.900</b>
Cap. VI. Inversións reais			
<b>62</b>	<b>Invest. asoc. funcionamento servizos</b>		<b>332.296</b>
625	Mobiliario e equipamento		332.296
<b>Total capítulo VI</b>			<b>332.296</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>7.402.317</b>

O reparto detallado dos importes asociados aos Centros, aos Programas Oficiais de Posgrao, as delegacións de Alumnos e ao Título Propio amósanse no anexo II.



---

**IV.4. Apoio ao alumnado e á docencia.**

Este programa mantén e reforza as liñas de traballo adoptadas pola Universidade nos anteriores exercicios. Nesta anualidade acada -en conxunto-, a cifra de 5.310 m€, cun crecemento dun 27,76% con respecto ao exercicio precedente.

Ao igual que o ano pasado desagregase en dúas orgánicas:

- a) Reitoría/Xerencia, que manifesta o esforzo da Universidade en manter as bolsas de comedor, de residencia, de transporte, de excelencia académica, de integración de discapacitados e outras.

<b>Orgánica: 0000 Reitoría/Xerencia - Funcional: 121D</b>						
<b>Art.</b>	<b>Cto.</b>	<b>Subcto</b>	<b>Denominación do gasto</b>	<b>Subcto.</b>	<b>Cto.</b>	<b>Art.</b>
			Cap. IV. Transferencias correntes			
<b>47</b>			<b>A empresas privadas</b>			<b>190.000</b>
	470		Convenios entidades privadas		190.000	
		470.01	Subvención de transporte	190.000		
<b>48</b>			<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>			<b>457.000</b>
	482		Bolsas estudantes		457.000	
		482.01	Comedor	230.000		
		482.06	Integración de discapacitados	24.000		
		482.10	Bolsas mobilidade	80.000		
		482.12	Excelencia Académica	22.000		
		482.15	Residencias	85.000		
		482.99	Outras Bolsas estudantes	16.000		
<b>Total capítulo IV</b>						<b>647.000</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>						<b>647.000</b>

- b) Oficina de Relacións Internacionais, que reflicte o éxito en diferentes convocatorias competitivas, entre as que destaca a Green It –Erasmus Mundus-, e que permite incrementar o nivel da aposta da Universidade pola internacionalización.

<b>Orgánica: ORI1 - Oficina de Relacións Internacionais - Funcional: 121D</b>						
<b>Art.º</b>	<b>Cto.</b>	<b>Subcto</b>	<b>Denominación do gasto</b>	<b>Subcto.</b>	<b>Cto.</b>	<b>Art.</b>
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>22</b>			<b>Material, subministración e outros</b>			<b>1.234.030</b>
	220		Material de oficina		4.750	
	226		Gastos diversos		1.206.750	
		226.01	Atencións protocolarias	2.000		

	226.02	Publicidade e propaganda	7.000	
	226.09	Cotas de organismos	17.000	
	226.99	Outros gastos	1.180.750	
227		Traballos realizados por outras empresas		22.530
	227.06	Estudios e traballos técnicos	22.530	
<b>23</b>		<b>Indemnización por razón de servizos</b>		<b>99.350</b>
230		Axudas de custo e locomoción		99.350
<b>Total capítulo II</b>				<b>1.333.380</b>
Capítulo IV. Transferencias correntes				
<b>48</b>		<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>		<b>1.409.200</b>
481		Bolsas formación investigadores e profesorado		65.000
	481.02	Bolsas para estadias	65.000	
482		Bolsas estudantes		1.344.200
	482.10	Bolsas para mobilidade	157.000	
	482.11	Bolsas colaboradores/as	40.000	
	482.99	Outras	1.147.200	
<b>49</b>		<b>O exterior</b>		<b>1.920.000</b>
492		Bolsas de intercambio		1.920.000
<b>Total capítulo IV</b>				<b>3.329.200</b>
Capítulo VI. Inversións reais				
<b>62</b>		<b>Investimento asoc. funcionamento servizos</b>		<b>800</b>
625		Mobiliario e equipamento		800
<b>Total Capítulo VI</b>				<b>800</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>				<b>4.663.380</b>

Esta última orgánica, a maiores do subprograma indicado, desenvolve a súa actividade a través dos seguintes subprogramas: Erasmus, ISEP, Jean Monnet, Tempus, Cooperación Universitaria, ECETIS e Cabo Verde, este último conxuntamente co Campus do Mar.

---

#### IV. 5. Fomento e desenvolvemento da investigación

É neste programa, que en conxunto experimenta un crecemento do 10,16% con respecto ao exercicio precedente, onde se introducen as modificacións salientables para visibilizar os cambios introducidos na xestión da Universidade, para achegala ás novas demandas. Así, incorpóranse dúas orgánicas referidas a dous novos Centros de Apoio á Investigación, unha orgánica referida ao novo Centro Singular de Investigación e catro orgánicas referidas ás catro Agrupacións Estratéxicas da Universidade. A desagregación é a seguinte:

- 0000. Reitoría/Xerencia.
- 00VI. Vicerreitoría de Investigación.
- 00VT. Vicerreitoría de Transferencia de Coñecemento.
- 00DC. Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade.
- CATI. Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación - CACTI.
- CIBI. Centro de Investigacións Biomédicas – CINBIO.
- CITI. Centro de Investigación, Transferencia e Innovación de Ourense – CITI.
- EMTI. Estación de Ciencias Mariñas Toralla – ECIMAT.
- MTI. Modulo Tecnolóxico Industrial – MTI.
- ATI. Centro Singular de Investigación AtlanTIC.
- INBI. Agrupación Estratéxica para a Investigación en Biomedicina – INBIOMED.
- AEOI. Agrupación Estratéxica Oceanografía – ECIMAT – AEO-ECIMAT.
- CIAI. Agrupación Estratéxica Centro de Investigación Agroalimentaria – CIA.
- ACEI. Agrupación Estratéxica Acio en Tecnoloxías da Información e a Investigación – ACETIC.
- Dept. Departamentos

A orgánica Reitoría Xerencia, a través dos seguintes Subprogramas:

- Campus de Excelencia Internacional, no que se integran as dotacións a empregar neste exercicio, atendendo as decisións adoptadas polo seu órgano de goberno.

<b>Orgánica: 0000 Reitoría/Xerencia - Funcional: 131H</b>						
<b>Campus do Mar, Campus de Excelencia Internacional</b>						
Art.º	Cto.	Subct.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>22</b>			<b>Material, subministración e outros</b>			<b>823.200</b>
	220		Material de oficina		30.000	
	226		Gastos diversos		165.000	
		226.01	Atencións protocolarias	20.000		
		226.02	Publicidade e propaganda	10.000		
		226.06	Cursos, conferencias e seminarios	60.000		
		226.99	Outros gastos	75.000		
	227		Traballos realizados outras empresas		628.200	
		227.06	Estudios e traballos técnicos	403.200		
		227.09	Outros	225.000		
<b>23</b>			<b>Indemnización por razón de servizos</b>			<b>85.000</b>
	230		Axudas de custo e locomoción		85.000	
			<b>Total capítulo II</b>			<b>908.200</b>
<b>48</b>			<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>			<b>409.000</b>
	481		Bolsas formación invest. e profesorado		30.000	
		481.02	Bolsas estadias	30.000		
	482		Bolsas estudantes		379.000	
		482.99	Outras	379.000		
			<b>Total capítulo IV</b>			<b>409.000</b>
			Capítulo VI. Inversións reais			
<b>62</b>			<b>Investimento asociados ao funcionamento serv.</b>			<b>126.300</b>
	623		Mobiliario e equipamento		116.300	
	625		Mobiliario e equipamento		10.000	
<b>64</b>			<b>Gastos investimento carácter inmaterial</b>			<b>472.500</b>
	641		Axuda xeral investigación		95.000	
		641.02	Axudas propias a investigación e a transferencia	25.000		
		641.05	Reunións científicas	70.000		
	646		Programas inversións cofinanciados		377.500	
			<b>Total capítulo VI</b>			<b>598.800</b>
			<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>1.916.000</b>

- Lectura de Teses Doutorais, que contén a dotación centralizada para soportar os custos das lecturas.

**Orgánica: 0000 Reitoría-Xerencia - Funcional 131H**

**Lectura Teses Doutorais**

Art.º	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>23</b>			<b>Indemnización por razón de servizos</b>			<b>150.000</b>
	230		Axudas de custo e locomoción		150.000	
<b>Total capítulo II</b>						<b>150.000</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>						<b>150.000</b>

- Terceiro Ciclo Posgrao, que contén a dotación centralizada que será distribuída pola Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, logo da decisión da Comisión de Terceiro Ciclo.

---

**Orgánica: 0000 Reitoría-Xerencia - Funcional 131H**

---

**Terceiro Ciclo e Posgrao**

Art.º	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>22</b>			<b>Material subministración e outros</b>			<b>300.000</b>
	226		Gastos diversos		300.000	
		226.06	Cursos, conferencias e seminarios	300.000		
<b>Total capítulo II</b>						<b>300.000</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>						<b>300.000</b>

Na orgánica 00VI Vicerreitoría de Investigación, mantéñense as principais liñas relacionadas coa investigación na Universidade, tanto as liñas de traballo relacionadas coa formación de investigadores, como as partidas para o fomento da mobilidade de investigadores. Tamén as axudas a equipos de investigación, formulándose co espírito de fomentar a formación dos novos investigadores e incentivar a internacionalización da actividade investigadora dos grupos e o fortalecemento destes mediante os agrupamentos.

Neste exercicio experimenta unha baixada significativa a previsión de ingresos con cargo aos programas de investigación financiados polo Estado e consecuentemente nas correspondentes partidas do orzamento de gastos.

---

**Orgánica: 00VI Vicerreitoría de Investigación - Funcional 131H**

---

Art.º	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>22</b>			<b>Material subministración e outros</b>			<b>8.200</b>
	220		Material de oficina		1.200	
	226		Gastos diversos		3.000	

	226.99	Gastos diversos	3.000		
	227	Traballos realizados por outras empresas		4.000	
	227.06	Estudos e traballos técnicos	4.000		
<b>23</b>		<b>Indemnización por razón de servizos</b>			<b>8.000</b>
	230	Axudas de custo e locomoción		8.000	
		<b>Total capítulo II</b>			<b>16.200</b>
As normas de desenvolvemento que acompañan ao orzamento teñen como obxectivo acadar a correcta xestión do orzamento, do patrimonio e da actividade económico-financeira da Universidade de Vigo. O seu contido refírese á autorización, vinculación e modificación dos créditos, xestión dos gastos de persoal e outros gastos, subvencións, contratación administrativa, xestión do patrimonio e memoria anual.

A súa elaboración realízase ao abeiro do establecido na Lei orgánica 6/2001, de 21 decembro, de Universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo, das normas que rexen a actividade económico-financeira do sector público galego e estatal, entre as que cabe destacar o novo Plan de Financiamento das Universidades Galegas, a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, da Xunta de Galicia, a Ley orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, o Real Decreto-Ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo e o Real Decreto-Ley 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantizar la estabilidad presupuestaria y de fomento de la competitividad, así como a Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto básico del Empleado Público.

---

#### *Título I. Da aprobación do orzamento e das súas modificacións.*

##### *Capítulo I. Créditos iniciais e financiamento.*

#### **Artigo 1. Aprobación dos estados de gastos e ingresos da Universidade de Vigo.**

1. O orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio de 2013, integrado polos estados de gastos e ingresos, de conformidade co establecido no Real Decreto-Ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo, artigo seis, apartado cinco, punto un, polo que se modifica a redacción do apartado dous do artigo 81 da Ley Orgánica de Universidades, apróbese en equilibrio e cumprindo coa sostibilidade financeira dentro do teito de gasto establecido polo Consello Social.
2. Para a execución das actividades da Universidade reflectidas nos programas do seu estado de gastos, apróbanse créditos por un importe de 163.216.352 euros.
3. No estado de ingresos recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio orzamentario e que por normativa orzamentaria suman o mesmo importe que as dotacións de crédito para gastar.



**Artigo 2. Clasificación dos créditos.**

1. O estado de gastos confeccionarase aplicando unha clasificación funcional por programas que informa do obxectivo a acadar, unha orgánica que informa sobre o centro ou unidade da Universidade que realiza o gasto e unha económica que informa da natureza do mesmo.
2. Os créditos clasifícanse nos programas funcionais seguintes:

Código	Denominación
111L	Docencia
121D	Apoio ao Alumnado e a Docencia
131H	Fomento e Desenvolvemento da Investigación
141B	Dotación de Fondos Bibliográficos
211E	Extensión Universitaria
311V	Dotación e Mantemento de Infraestruturas
421S	Goberno e Administración da Universidade

3. Os créditos clasifícanse organicamente nos seguintes centros de gasto:

Código	Denominación
0000	Reitorado/Xerencia
00CS	Consello Social
00DC	Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade
00EP	Vicerreitoría de Economía e Planificación
00EU	Vicerreitoría de Extensión Universitaria
00RI	Vicerreitoría de Relacións Internacionais
00TG	Tribunal de Garantías
00VT	Vicerreitoría de Transferencia do Coñecemento
00VI	Vicerreitoría de Investigación
OUR1	Vicerreitoría do Campus de Ourense
PON1	Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
BUV1	Biblioteca Universitaria
ORI1	Oficina de Relacións Internacionais
CAT1	Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación - CACTI
CIB1	Centro de Investigacións Biomédicas - CINBIO
CITI	Centro de Investigación, Transferencia e Innovación de Ourense -CITI
EMT1	Estación de Ciencias Mariñas de Toralla -ECIMAT

MTII	Modulo Tecnolóxico Industrial - MTI
ATII	Centro Singular de Investigación AtlanTIC
INBI	Agrupación Estratéxica para a Investigación en Biomedicina - INBIOMED
AEOI	Agrupación Estratéxica Oceanografía-ECIMAT – AEO-ECIMAT
CIAI	Agrupación Estratéxica Centro de Investigación Agroalimentaria - CIA
ACEI	Agrupación Estratéxica ACio en Tecnoloxías da Información e a Investigación -ACETIC
00XX	Facultades e Escolas Universitarias
ALXX	Delegacións de alumnos
LLXX	Departamentos

4. Os créditos de gasto clasifícanse, atendendo a súa natureza, en capítulos, artigos, conceptos e subconceptos se fose o caso.

Capítulo	Denominación
I	Gastos de persoal
II	Gastos en bens e servizos correntes
III	Gastos financeiros
IV	Transferencias correntes
V	Fondo de continxencia
VI	Investimentos reais
VIII	Activos financeiros
IX	Pasivos financeiros

Neste exercicio modifícanse os elementos da clasificación económica de gastos que aínda non se correspondían co establecido na Resolución de 19 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral de Presupostos (BOE 28 de xaneiro de 2009), que é a que veñen utilizando tanto o Estado, como a Xunta de Galicia, para homoxeneizar definitivamente a clasificación do orzamento de gastos coas demais administracións e para facilitar a correlación cos elementos de custo da contabilidade analítica.

## Capítulo II. Modificación e execución de créditos orzamentarios.

### Artigo 3. Especialidade dos créditos.

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que se autorizaron ao aprobar o orzamento ou as correspondentes modificacións orzamentarias, respectando os principios de

especialidade temporal, cualitativa e cuantitativa.

**Artigo 4. Vinculación dos créditos.**

1. Os créditos autorizados teñen carácter vinculante e limitado a nivel de artigo agás:

a) No capítulo I, os créditos destinados a incentivos ao rendemento (150 e 151) que terán carácter vinculante a nivel de concepto.

b) No capítulo II, serán vinculantes os seguintes subconceptos:

226.01. Atencións protocolarias.

226.02. Publicidade e propaganda.

233.04. Xunta de persoal docente e investigador.

233.05. Xunta de persoal de administración e servizos.

233.06. Comités de empresa de persoal de administración e servizos.

233.07. Comités de empresa de persoal docente e investigador.

c) No capítulo VI, os créditos destinados a equipamento de laboratorios docentes –concepto 626-, e os clasificados no artigo 64 que terán a vinculación co nivel de desagregación que se indique no documento orzamentario.

2. Non entanto, terán carácter vinculante, co nivel de desagregación que apareza no estado de gastos, os créditos que teñan financiamento específico.

3. Non se poden adquirir compromisos de gastos por unha contía superior aos importes dos créditos autorizados no estado de gastos, e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan estas normas, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan.

**Artigo 5. Distribución dos créditos.**

O orzamento poderá executarse mediante subprogramas. Poderán crearse novos subprogramas unha vez aprobado o orzamento, que poderán ser dotados mediante redistribución de crédito ou transferencia de crédito dentro do mesmo programa de gasto.

**Artigo 6. Fondo de continxencia.**

1. Co fin de facer fronte durante o exercicio orzamentario a necesidades inaprazables para as que non se fixera en todo ou en parte unha axeitada dotación de crédito, inclúese no orzamento da Universidade a aplicación orzamentaria 0000 421S 500 "Fondo de Continxencia". Este fondo poderá ser destinado a financiar créditos ampliables ou transferencias de crédito.

2. Este fondo, ademais da consignación inicial contida no orzamento, podera ser dotado por retencións noutros créditos, con independencia do programa ao que se refiran, ou con remanente non afectado de tesourería, neste último caso precisará autorización previa do Consello de Goberno, e sempre que non signifique un incremento do teito de gasto aprobado para o exercicio 2013

3. A dotación ou a utilización do fondo, con independencia do indicado nos seguintes artigos, será autorizado pola Xerencia trala instrución do oportuno expediente. Para a dotación e utilización do fondo deberán xustificarse respectivamente as fontes de financiamento do mesmo e as necesidades orzamentarias que se prevé atender. A Xerencia dará conta periodicamente ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

#### **Artigo 7. Principios xerais nas modificacións de créditos.**

1. Son modificacións de crédito as variacións que poden autorizarse nos créditos que financian o estado de gastos para axeitalos ás necesidades que se produzan durante a execución do orzamento.
2. Todo acordo de modificación orzamentaria requirirá a instrución do oportuno expediente polo administrador/a de centro/ámbito/campus, director/a ou xefe/a do servizo. O expediente conterá unha memoria xustificativa cos motivos que fundamentan a proposta, indicando tanto os referentes á realización do novo gasto proposto como, no seu caso, a suspensión da actuación inicialmente prevista e a repercusión sobre os obxectivos do programa afectado, e na que como mínimo se expresarán os programas e conceptos afectados co maior nivel de detalle, así como o seu financiamento no caso de que a modificación implique aumento neto do gasto.
3. As modificacións orzamentarias non poden implicar un aumento do teito de gasto aprobado para o exercicio 2013 coa excepción daquelas subvencións finalistas da Xunta de Galicia, da Administración do Estado, da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas para actividades non previstas no orzamento inicial.
4. Se fose necesario aprobar unha modificación do orzamento que incremente o teito de gasto e non estivese comprendida no apartado anterior, debe levarse ao Consello Social a aprobación do teito de gasto e a modificación simultaneamente.

#### **Artigo 8. Xeracións de crédito.**

1. Os ingresos que acheguen persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, e que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos da Universidade, poderán xerar crédito no estado de gastos. Tamén poderán xerar crédito:
  - a) O alleamento de bens patrimoniais da Universidade.
  - b) A prestación de servizos.
  - c) O reembolso de empréstitos.
  - d) O crédito do exterior para investimentos.
  - e) O mecenado.
2. No expediente de xeración de crédito terá que constar a xustificación acreditativa de ingresos efectuados, así como a inexistencia de aplicación orzamentaria específica, se fose o caso. A Xerencia é o órgano competente para a aprobación destas modificacións e no caso de convenios ou resolucións de

entidades públicas pode autorizar a xeración de crédito dando credencial do compromiso do ingreso mediante copia do convenio asinado ou da resolución. A Xerencia dará conta periodicamente destas modificacións ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

3. O enunciado nos apartados anteriores está supeditado a que non se incremente o teito de gasto establecido para o exercicio 2013.

#### **Artigo 9. Créditos ampliáveis.**

1. Terán excepcionalmente a consideración de ampliáveis os créditos seguintes:

- Os destinados ao pagamento das cotizacións á Seguridade Social.
- Os destinados ao pagamento de xuros, amortización de préstamos ou de operacións de crédito concertadas pola Universidade, así como os gastos financeiros.
- Os destinados á cobertura de necesidades de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia.
- Os destinados a atender as obrigas contidas nos programas ou subprogramas de gasto referidos a:
  - a) Prazas do Persoal de Administración e Servizos.
  - b) Prazas do Persoal Docente e Investigador.
  - c) Lectura de Teses de Doutoramento.

En relación a este último apartado establece un límite máximo de 1.600€ de gasto por tese de doutoramento con mención europea ou internacional e de 1.300€ de gasto para o resto das teses. Estes límites aplícanse para os gastos a efectuar con cargo á partida centralizada.

Excepcionalmente, a Comisión de Estudos de Posgrao, na figura da súa Presidenta, poderá autorizar o incremento destes límites contra outras aplicacións orzamentarias, previa solicitude xustificada do Director da tese (a solicitude deberá indicar a aplicación orzamentaria, diferente da aplicación centralizada, que se fará cargo da ampliación).

2. A Xerencia autorizará as ampliacións de crédito. O expediente de ampliación de créditos deberá establecer a fonte de financiamento de dita ampliación, distinguindo se o mesmo se financiará con reducións noutros créditos, con maiores recursos que se vaian obter ou con remanente non afectado de tesourería. A Xerencia dará conta periodicamente das modificacións ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

3. O cumprimento do establecido nos apartados anteriores está condicionado a que non se incremente o teito de gasto aprobado para o exercicio 2013.

#### **Artigo 10. Transferencias de crédito**

1. Consisten no traspaso da totalidade ou parte dos créditos dun concepto orzamentario a outro do orzamento de gastos, é dicir, na minoración dun ou varios conceptos en favor doutro ou doutros que aumentan globalmente na mesma contía. A proposta de diminución dun crédito dos que teñen financiamento xenérico ten que garantir que, no crédito minorado, quede consignación suficiente para atender os gastos previstos ata o final do exercicio.

2. As transferencias de crédito estarán suxeitas ás seguintes limitacións xerais:

a) Non poderán minorarse créditos que fosen incrementados mediante transferencia.

b) Non poderán afectar a créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos en exercicios anteriores.

c) Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, fosen obxecto de minoración.

d) Non poderán afectar a créditos con financiamento específico, agás autorización, que haberá de acreditarse no expediente do ente financiador.

e) Non poderán minorarse créditos ampliables.

3. Non poden incrementarse os créditos iniciais dos subconceptos 226.01 e 226.02.

4. Correspóndelles aprobar as transferencias de crédito aos seguintes órganos:

a) Ao Consello Social, a proposta do Consello de Goberno, as transferencias de gastos de capital a gastos correntes, calquera que sexa o programa ao que afecten.

b) Ao Consello de Goberno, as transferencias de crédito entre conceptos de diferentes programas, agás as mencionadas no apartado a).

c) Ao Xerente, por delegación do Consello de Goberno, as transferencias entre créditos dos diversos epígrafes dun mesmo ou de diferentes capítulos de gasto correspondentes ao mesmo programa, agás as mencionadas nos apartados a) e b), salvo no caso que se refiran a dotación ou utilización do fondo de continxencia.

#### **Artigo 11. Redistribucións de crédito**

1. As dotacións de crédito que sexan realizadas desde os centros xestores de programas de gasto ás diferentes clasificacións orgánicas para a xestión descentralizada dos mesmos, serán consideradas redistribucións de crédito e non transferencias de crédito, sempre que non modifiquen nin a clasificación funcional, nin a clasificación económica.

2. No referente a proxectos de investigación a redistribución poderá realizarse aos diferentes subconceptos que reflicten os diferentes tipos de axudas.

3. As redistribucións de crédito serán ordenadas polo Xerente, a proposta do vicerreitor/a correspondente en función da materia de que se trate, quen deberá achegar aos administradores/as de centros/campus e xefes/as de servizo afectados/as, copia dos acordos de distribución.

**Artigo 12. Contratos-programa con grupos de investigación.**

1. A Xerencia, a proposta da Vicerreitoría de Investigación, poderá autorizar a apertura de aplicacións orzamentarias de gasto para os grupos de investigación que subscriban un contrato-programa. A autorización poderá vir acompañada do rexistro como centro de gasto do grupo de investigación, caso no que se lle asignarán os créditos de gasto necesarios para desenvolver o contrato-programa, os proxectos e actividades financiadas con axudas externas e internas e os contratos de I+D con empresas e institucións.
2. O contrato-programa poderá ter unha duración máxima de tres anos podendo ser prorrogado, ata un máximo da duración inicial prevista.
3. As actividades previstas nos contratos-programa poderán ser financiadas mediante axudas propias da Universidade, recursos libres xerados por contratos de I+D con empresas e institucións e proxectos europeos, transferencias desde departamentos e calquera outro recurso, interno ou externo, que non implique un proxecto con aplicacións orzamentarias específicas. En todo caso, este financiamento efectuarase de acordo co establecido na normativa vixente da universidade.
4. A Xerencia dará conta periodicamente das modificacións ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

**Artigo 13. Imputación de obrigas**

1. Con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento, só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras ou servizos e demais prestacións, ou gastos en xeral, que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.
2. Non obstante, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente no momento da expedición das ordes de pagamento as obrigas seguintes:
  - a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ao orzamento da Universidade.
  - b) As derivadas de compromisos de gasto debidamente recoñecidos en exercicios anteriores e especialmente as indemnizacións por razóns de servizo xeradas no último trimestre do ano anterior.
  - c) As que resulten de gastos realizados en exercicios anteriores e se validen na forma regulamentariamente establecida.
3. O Reitor é o órgano competente para a validación de gastos, que deberán ter o informe previo do Servizo de Control Interno. Para a validación dos gastos será necesario que, por parte dos órganos que teñen a competencia para autorizar gasto, se confeccione o oportuno expediente, no que figurará necesariamente a causa da non imputación ao orzamento correspondente e a aplicación á que correspondería imputar o gasto.
4. No referido aos gastos de carácter plurianual.
  - a) Para a execución de gastos con cargo aos créditos de exercicios futuros, é necesaria a comprobación previa do cumprimento dos límites establecidos na normativa orzamentaria, sendo preciso acompañar ao expediente a constatación de dita circunstancia.

b) No caso de que a actuación se refira a un proxecto de investigación ou a un contrato programa, será necesario incorporar no expediente a certificación expresa da existencia do compromiso de financiamento.

#### **Artigo 14. Remanentes de crédito.**

1. O remanente de tesourería é un recurso orzamentario obtido, con carácter xeral, pola acumulación de resultados orzamentarios positivos dos anteriores exercicios. O remanente de tesourería obtense pola suma dos fondos líquidos, máis os dereitos pendentes de cobro, menos as obrigas pendentes de pago. Para a incorporación ao exercicio orzamentario seguinte dos remanentes de tesourería, estarase ao que establezan as normas de sostibilidade orzamentaria, tanto da administración autonómica coma da administración central.

Sempre dentro do establecido nas normas ás que se refire o parágrafo anterior, o remanente de tesourería debe aplicarse, en primeiro lugar, a dotación dos créditos necesarios para a devolución dos anticipos reintegrables que financian as diferentes infraestruturas de investigación. En segundo lugar, para financiar proxectos de investigación e demais actuacións con financiamento externo cunha duración que se estenda alén do exercicio económico de que se trate, pola parte do crédito dotado e non executado no exercicio. Unha vez executadas as actuacións referidas anteriormente, e sempre que queden importes pendentes de aplicación, procederase a incorporar os créditos en fase AD ou D a 31 de decembro.

O Reitor excepcionalmente poderá acordar a incorporación do crédito dispoñible a 31 de decembro nas aplicacións orzamentarias correspondentes ás axudas a equipos de investigación, á dotación de laboratorios docentes e á produción científica do exercicio orzamentario corrente, previa petición que deba vir acompañada da memoria xustificativa da necesidade. No caso de aprobarse esta incorporación, o crédito debe executarse, ineludiblemente, durante o exercicio ao que se incorpore.

2. Os créditos de gasto destinados á execución das actividades previstas nos contratos-programa mencionados no artigo 12 serán incorporables mentres se manteña vixente o contrato-programa do grupo de investigación.

3. O resto dos remanentes que non se executen a 31 de decembro serán considerados de libre disposición para o exercicio seguinte.

4. Todas as operacións anteriores se entenden sempre supeditadas a que non se sobrepase o teito de gasto establecido para o exercicio 2014.



---

*Título II. Dos gastos de persoal***Artigo 15. Custos de persoal**

1. As retribucións do persoal activo ao servizo da Universidade quedan suxeitas ao que nesta materia dispón a Lei de Orzamentos Xerais do Estado e a Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. Os incrementos retributivos do persoal laboral deberán ser autorizados pola comunidade autónoma, segundo a Lei orzamentaria.

2. Cando se produzan baixas nas escalas que hai que extinguir nos cadros de persoal de administración e servizos funcionario ou laboral, procederase á readaptación dos cadros de persoal correspondentes e dos créditos a eles asignados, mediante as oportunas transferencias de crédito entre conceptos dos artigos 12 e 13.

3. Poderanse abrir partidas orzamentarias específicas no capítulo I para gastos de persoal contratado para a prestación de servizos con base en convenios con financiamento externo.

Estes gastos, coas súas cotas sociais, non poderán superar os importes dos convenios subscritos ou ben das previsións de ingresos. Así mesmo, poderanse ampliar as dotacións orzamentarias dos conceptos referidos, cando ao longo do exercicio se produza a incorporación de novo persoal co financiamento correspondente.

4. Con cargo aos créditos dos programas 111L e 131H xestionados en centros e departamentos respectivamente, non se poden realizar contratacións de persoal.

5. A dotación orzamentaria do capítulo I inclúe unha previsión de 60.000€ para atender o mandato contido no artigo 88.3 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

6. A dotación orzamentaria do capítulo VIII inclúe unha previsión para de 120.000€ para anticipos ao persoal, para atender o establecido na Resolución Xerencial de 27 de decembro de 2012. Para dar cumprimento ao anterior autorízase a Xerencia, de ser preciso, para ampliar a dotación da partida con cargo ao remanente de libre disposición. A Xerencia dará conta das modificacións ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

---

**Título III. Subvencións.**
**Artigo 16. Achegas a fundacións.**

1. En aplicación do disposto nos artigos 22.2, apartado a) da Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións e 19.4, apartado a, da Lei 9/2007, de 13 xuño, de subvencións de Galicia, quedan autorizadas no exercicio 2013 as seguintes achegas directas a fundacións:

Entidade	Importe
Fundación Escola de Organización Industrial	51.500,00
Fundación Universidade de Vigo - FUVI	60.000,00
Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal	4.000,00
Fundación para a Promoción da Automoción en Galicia - CTAG	11.600,00
Museo do Pobo Galego	600,00
Energylab	30.000,00
Fundación Biomédica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	3.000,00

2. Dentro dos límites do crédito orzamentado na aplicación 0000 421S 484, a Comisión Delegada de Planificación e Asuntos Económicos do Consello de Goberno poderá autorizar outras achegas a fundacións agás aquelas en que, segundo o previsto no artigo 84 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 decembro, de Universidades, deban ser aprobadas polo Consello Social.

---

**Título IV. Da contratación administrativa**
**Artigo 17. Informes e autorizacións previas á contratación administrativa.**

1. Sen prexuízo da documentación e trámites que estableza a Lei de contratos do sector público, cumprirá informe previo do Director do Departamento Técnico de Obras, Instalacións e Infraestruturas nos casos en que as actuacións afecten a edificios da universidade e as súas instalacións xerais.
2. Os contratos administrativos de servizos, cando supoñan o uso por parte do contratista ou do seu persoal de inmobles, instalacións ou equipamento da universidade para a prestación dos servizos, requirirán a autorización previa da Xerencia.

**Artigo 18. Medidas de racionalización da técnica da contratación.**

1. O reitor, a proposta da Xerencia, poderá declarar a uniformidade na adquisición de determinados bens

e servizos, co obxecto de proceder á realización de compras conxuntas para toda a universidade ou racionalizar e ordenar a adxudicación de contratos mediante a conclusión de acordos marco, a articulación de sistemas dinámicos de contratación ou a asunción da contratación por servizos especializados.

2. A Xerencia queda autorizada para reter, autorizar e dispoñer dos créditos correspondentes para a contratación de bens e servizos de forma conxunta para toda a universidade previa a declaración prevista no apartado anterior. Así mesmo, poderá reter, autorizar, dispoñer e obrigar os créditos correspondentes nas contratacións centralizadas de obras, subministracións e servizos.

#### **Artigo 19. Outras normas en relación á tramitación de expedientes.**

1. Na proposta de contratación de obras, bens e servizos con cargo a créditos con financiamento específico será obrigatorio indicar a fonte de financiamento e o prazo de xustificación do gasto.

2. Despois do 30 de setembro e do 31 de outubro de cada exercicio non se poderán iniciar expedientes de contratación, mediante procedemento aberto ou procedemento negociado respectivamente con cargo a créditos do exercicio corrente.

A data límite será un mes antes para os contratos de regulación harmonizada ou calquera dos contratos mencionados no artigo 37.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Publico, que poidan ser obxecto de recurso especial en materia de contratación.

Con cargo a proxectos de investigación, unicamente se poderán iniciar expedientes de contratación cando o período entre a data de inicio do expediente e a data de finalización do proxecto sexa superior a dous meses. En todo caso, a tramitación só será posible se computado o tempo de tramitación e de execución do contrato, a xustificación de gastos é posible.

3. Excepcionalmente, tras a debida xustificación do proponente, o órgano de contratación poderá autorizar o inicio de expedientes despois das devanditas datas.

#### **Artigo 20. As actas de recepción**

1. As actas de recepción derivadas de expedientes de contratación de obras deberán lexitimarse coas sinaturas do contratista, dos facultativos encargados da dirección da obra, do facultativo designado polo reitor, do responsable o dun representante do Servizo de Control Interno e do xerente.

2. As actas de recepción derivadas de expedientes de contratación de subministracións ou servizos deberán lexitimarse coas sinaturas do contratista, das persoas autorizadas en razón da súa competencia nos créditos dos centros de gasto, do responsable do Servizo de Control Interno, do xerente e, no seu caso, o responsable do proxecto de investigación ao que corresponde o expediente. Nos servizos centralizados, ou cando así o estime oportuno a Xerencia, figurará o responsable ao que se destine o obxecto do contrato e o técnico que se designe.

3. Quedan exceptuadas do disposto no parágrafo anterior as subministracións de bens e os servizos que respondan a necesidades permanentes e que supoñan entregas ou prestacións repetitivas, que serán recepcionados mediante dilixencia sobre a factura ou documento xustificativo da entrega por parte do responsable da unidade ao que se destine o obxecto do contrato e as persoas autorizadas en razón da súa competencia nos créditos do centro de gasto.

4. Trimestralmente darase conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social das recepcións efectuadas que superen os 450.759,08 euros en obras e 300.506,05 euros en subministracións e en servizos.

---

#### *Título V. Da xestión do inventario e patrimonio.*

##### **Artigo 21. Dos bens mobles inventariables.**

Serán inventariables como regra xeral os bens non funxibles que reúnan conxuntamente os requisitos que se indican a continuación:

- a) Que se lle calcule unha vida útil superior ao ano e non se consuma co uso.
- b) Que teñan un custo unitario superior a 400 euros, incluído IVE, gastos de transporte, seguros, canons e accesorios ata a posta en funcionamento, ou se o seu custo inferior comprende elementos secundarios dunha unidade inventariable.
- c) Exceptuarase do anterior o mobiliario referente a cadeiras, mesas, armarios ou outro mobiliario semellante, que serán inventariados con independencia do seu valor.

##### **Artigo 22. Alleamento de bens patrimoniais da Universidade.**

O alleamento de bens producirase mediante poxa, tras a instrución do expediente polo Servizo de Xestión Económica e Contratación, no que necesariamente se incluírá a súa taxación pericial. Cando o importe sexa inferior a 6.000 euros, a autorización do expediente corresponderá ao Reitor e se é superior a esa contía corresponderalle ao Consello Social.

##### **Artigo 23. Actualización do valor contable patrimonial.**

Autorízase ao xerente a ditar as normas necesarias para a actualización a 31 de decembro de 2013 do valor contable do inventario da Universidade.

---

#### *Título VI. Da memoria anual.*

##### **Artigo 24. Elaboración da memoria.**

1. Os decanos/as, directores/as de escola, directores/as de departamento e os coordinadores/as de programas oficiais de posgrao e títulos propios co apoio dos administradores/as de centro, ámbito ou

campus, elaborarán unha memoria económica anual no prazo de tres meses contados a partir do peche do exercicio económico. Esta mesma obriga aplícase aos vicerreitores e á Xerencia, así como aos responsables dos restantes programas de actuación.

2. Estas memorias formarán parte, como anexo, da memoria económica anual da Universidade, que elaborará a Vicerreitoría de Economía e Planificación e a Xerencia baixo a dirección do Reitor.

3. As memorias conterán como mínimo unha explicación da execución do orzamento e das modificacións do mesmo, así como una descrición das accións realizadas. A Vicerreitoría de Economía e a Xerencia elaborarán unha instrución conxunta para determinar o contido e formato das mesmas.

---

## *Título VII. Especificidades da xestión dos gastos*

### *Capítulo I. Facultades e escolas técnicas e universitarias*

#### **Artigo 25. Créditos para centros**

Os créditos do programa de centros inclúen:

- a) As dotacións básicas para o sostemento das facultades e escolas técnicas e universitarias que figuran no anexo II.
- b) As dotacións para o desenvolvemento das titulacións oficiais de posgrao e títulos propios que se desenvolven por subprogramas dentro de cada centro e que tamén figuran no anexo II.
- c) As axudas para as novas titulacións ou transformacións dos estudos de grao e posgrao, por valor de 120.000,00€. Esta cantidade será distribuída pola Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións.
- c) As dotacións por calidade docente que se distribuirán na forma establecida nos artigos seguintes.
- d) As dotacións para as delegacións de estudantes.

#### **Artigo 26. Calidade docente**

A dotación de 300.000,00 euros por calidade docente será concorrente e a súa distribución correrá a cargo da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade en aplicación dos indicadores de calidade docente. Estes créditos incrementarán os créditos orzamentados para cada facultade ou escola que se indican no anexo II deste documento.

### *Capítulo II. Departamentos*

#### **Artigo 27. Créditos para departamentos**

Os créditos do programa de departamentos inclúen:

- a) As dotacións básicas para o sostemento dos departamentos que figuran no Anexo II.

c) As dotacións para desprazamentos dos docentes, por produción docente e produción científica que se distribuirán na forma establecida nos artigos seguintes.

**Artigo 28. Desprazamentos dos docentes**

A partida 20130000421S 230 terá no exercicio de 2013 unha dotación de 30.000,00 euros para financiar as axudas de custo intercampus. Esta cantidade será distribuída pola Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións en función da docencia intercampus de cada trimestre.

**Artigo 29. Produción docente**

Establécese unha dotación de 200.000,00 euros, por produción docente. A dotación será concorrente e a súa distribución correrá a cargo da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade en aplicación dos indicadores de calidade da actividade docente en departamentos.

**Artigo 30. Produción científica**

Neste exercicio distribuiranse 600.000,00 euros incluídos na partida 201300VI131H641.01 “Produción científica”. A distribución da partida de produción científica será realizada pola Vicerreitoría de Investigación, en función dos resultados de investigación obtidos no exercicio 2011.

**Artigo 31. Terceiro Ciclo e Posgrao**

Neste exercicio distribuiranse 300.000,00 euros. A distribución será realizada pola Vicerreitoría Organización Académica, Profesorado e Titulacións, logo da decisión da Comisión de Terceiro Ciclo.

*Capítulo III. Outras Especificidades*

**Artigo 32. Laboratorios docentes**

Na aplicación 201300EP311V626 inclúense 800.000,00 euros, que serán distribuídos pola Vicerreitoría de Economía e Planificación para financiar a dotación de laboratorios docentes.

**Artigo 33. Biblioteca.**

Os créditos da biblioteca inclúen a dotación para a compra de material bibliográfico necesario para os programas oficiais de posgrao.

**Artigo 34. Gastos de viaxe, aloxamento e manutención do persoal de administración e servizos**

A Xerencia autorizará as actividades do persoal de administración e servizos que impliquen gastos de viaxe, aloxamento e manutención.

**Artigo 35. Delegación de estudantes**

Os créditos asignados ás delegacións de alumnado -que neste exercicio contarán cunha clasificación orgánica propia aos efectos da correcta xestión da contabilidade analítica da Universidade-, terán como primeiro obxectivo atender os gastos derivados das súas actividades propias e dos representantes dos estudantes nos órganos de goberno da Universidade. Para que estas dotacións poidan financiar gastos de carácter inventariable, cumprirá que por parte do decano/a ou director/a e o administrador/a do centro se certifique a necesidade do investimento e se solicite da Xerencia a correspondente modificación de crédito.

**Artigo 36. Normas de asignación do gasto centralizado de telefonía**

Consígnase un importe de 230.000,00 euros para atender os gastos de telefonía dentro da partida 20130000421S222, incluídos os consumos básicos dos departamentos. A estes efectos, os importes límite asignados son os seguintes:

- 100 euros/ano por profesor/a a tempo completo
- 30 euros/ano por profesor/a a tempo parcial
- 150 euros/ano pola sede do departamento

Estas asignacións realizaranse asimilando á primeira categoría os contratados polos programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva e Parga Pondal e segundo os datos dispoñibles no primeiro día lectivo do exercicio orzamentario.

**Artigo 37. Asignación en edificios compartidos**

Dada a situación de compartir espazos por diferentes centros e titulacións, asígnase a xestión de edificios e instalacións, así como os gastos de subministracións (auga, luz, etc...) do seguinte xeito:

- A) Dentro do Campus de Vigo, os créditos das facultades de Química, Bioloxía e Ciencias do Mar asígnanse ao centro de traballo de Ciencias de Vigo e os do Edificio de Fundición ao centro de traballo da Escola Superior de Enxeñaría Industrial.
- B) Dentro do Campus de Ourense, os créditos para o mantemento e subministracións administrativas do Edificio Xurídico-Empresarial están consignados no orzamento de Ciencias Empresariais e Turismo, os do Edificio de Facultades e dos pavillóns 1 e 2 na Facultade de Historia e os do Edificio Politécnico e do pavillón de ciencias na Escola Superior de Enxeñaría Informática.

**Artigo 38. Bolsas.**

1. As Vicerreitorías de Economía e Planificación, do Campus de Ourense e do Campus de Pontevedra poderán convocar e tramitar, dentro dos seus respectivos ámbitos, bolsas.

Para que as devanditas vicerreitorías poidan incluír nas súas convocatorias de bolsas as solicitudes de bolseiros que fagan os centros ou departamentos, cómpre que previamente estea dotada a aplicación

orzamentaria correspondente do capítulo IV e envíen ao servizo administrativo correspondente de cada campus un documento contable RC polo importe da bolsa solicitada.

Resolta a convocatoria de bolsas, os documentos contables de execución do orzamento (AD, O, ADO) tramitaranse a través das unidades de xestión económica que dan soporte ás vicerreitorías, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.

2. Con cargo á dotación orzamentaria 201300CS421S482.99 “Outras Bolsas”, do Consello Social, convocaranse as bolsas -polo Reitor ou Vicerreitor que corresponda-, coa finalidade que se recolla nas bases da convocatoria. Os beneficiarios serán alumnos das diferentes titulacións oficiais da Universidade de Vigo. A xestión económico-orzamentaria destas bolsas realizarase centralizadamente polo Servizo de Xestión Económica e Contratación.

---

### *Titulo VIII. Do control interno.*

#### **Artículo 39. Do control interno.**

1. O límite mínimo para o exercicio da fiscalización previa do gasto e de 12.000 € mais IVE, quedando excluídos da mesma os expedientes de gastos por unha contía inferior.

2. O Reitor, a proposta da Xerencia, aprobará un Plan de Control Interno para o exercicio 2013 a elaborar e desenvolver polo Servizo de Control Interno, o cal atenderá as seguintes premisas:

- a) Implantar preferentemente o control financeiro mediante auditorías e outras técnicas de revisión realizadas con posterioridade á xestión, de tal forma, que esta sexa áxil, eficaz, eficiente e próxima no tempo.
- b) Detectar a existencia de irregularidades, deficiencias e áreas de mellora, que postas de manifesto, mediante as oportunas propostas e recomendacións, incidan nos procedementos de actuación das unidades xestoras, contribuíndo a evitar a súa reiteración e promovendo a súa mellora.

#### *Disposicións adicionais*

1ª Apróbanse as tarifas de servizos contidas no anexo III.

2ª Autorízase ao Reitor, tras a aprobación dos plans de investimentos polos órganos competentes, á realización dos trámites oportunos para concertar unha operación de empréstito dentro dos límites da normativa vixente.

3ª Autorízase á Vicerreitoría de Economía e Planificación para ditar as resolucións necesarias para establecer as normas de desenvolvemento do orzamento 2013. Así mesmo, a Xerencia poderá ditar as instrucións e ordes de servizo necesarias para a execución e cumprimento destas disposicións e especificamente a adopción daquelas medidas precisas para a implantación do modelo de contabilidade analítica.



*Disposicións derradeiras*

1ª O Reitor poderá reordenar as competencias propias que nas normas de desenvolvemento do presente orzamento figuran delegadas.

2ª As presentes normas entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2013.

**ANEXO1***Gastos de persoal 2013**Retribucións do persoal docente e investigador***FUNCIONARIADO DOCENTE**

<b>GRUPO/CATEGORÍA</b>	<b>EFFECTIVOS</b>	<b>CUSTO SALARIAL</b>
Catedrático de universidade	147	8.295.535 €
Catedrático de escola universitaria	28	1.345.691 €
Titular de universidade	593	28.499.823 €
Titular de escola universitaria	109	4.821.151 €
<b>TOTAL</b>	<b>877</b>	<b>42.962.200 €</b>

**PROFESORADO CONTRATADO**

<b>GRUPO/CATEGORÍA</b>	<b>EFFECTIVOS</b>	<b>CUSTO SALARIAL</b>
Contratado doutor fixo	206	8.057.755 €
Contratado doutor interino	8	312.923 €
Axudante doutor	34	983.730 €
Axudante	11	250.467 €
Lector TP	2	51.153 €
Asociado T3-P6	108	1.448.887 €
Asociado T3-P5	42	485.948 €
Asociado T3-P4	46	447.339 €
Asociado T3-P3	74	583.070 €
Asociado CC.SS.	21	120.180 €
Emérito	3	76.185 €
Contratado Interino P6	22	295.144 €
Contratado Interino P5	6	69.421 €
Contratado Interino P4	8	77.798 €
<b>TOTAL</b>	<b>591</b>	<b>13.260.000 €</b>

**PERSOAL INVESTIGADOR**

<b>GRUPO/CATEGORÍA</b>	<b>EFFECTIVOS</b>	<b>CUSTO SALARIAL</b>
Persoal investigador contratado	121	
Persoal Técnico de Programas	30	
<b>TOTAL</b>	<b>151</b>	<b>3.624.000 €</b>

**RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓNS E SERVIZOS****FUNCIONARIADO PAS**

<b>GRUPO/CATEGORÍA</b>	<b>EFFECTIVOS</b>	<b>CUSTO SALARIAL</b>
A1	10	482.429 €
A2	67	2.484.132 €
C1	209	5.234.823 €
C2	93	1.987.568 €
E	1	18.848 €
<b>TOTAL</b>	<b>380</b>	<b>10.207.800 €</b>

**LABORAL PAS**

<b>GRUPO/CATEGORÍA</b>	<b>EFFECTIVOS</b>	<b>CUSTO SALARIAL</b>
I	56	2.207.913 €
II	12	403.194 €
III	157	4.374.692 €
IV	129	3.199.201 €
V	0	0 €
<b>TOTAL</b>	<b>354</b>	<b>10.185.000 €</b>

**OUTRO PERSOAL**

<b>GRUPO/CATEGORÍA</b>	<b>EFFECTIVOS</b>	<b>CUSTO SALARIAL</b>
Eventual	3	147.000 €

<b>TOTAL</b>	<b>3</b>	<b>147.000 €</b>
--------------	----------	------------------

**ALTOS CARGOS**

<b>CARGO</b>	<b>EFFECTIVOS</b>	<b>CUSTO SALARIAL</b>
Xerente	1	80.000 €
Vicexerente	2	120.000 €
Secretario Técnico do Consello Social	1	42.000 €
<b>Total:</b>	<b>4</b>	<b>252.000 €</b>

**OUTROS GASTOS DE PERSOAL**

<b>TIPO DE GASTO</b>	<b>CUSTO</b>
Productividade e gratificacións	750.000 €
Acción social	355.000 €
Gastos de formación PAS	195.000 €
Cotas dos seguros sociais	11.300.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>12.600.000 €</b>

**RESUMO DO ORZAMENTO**

<b>ARTIGO</b>	<b>CRÉDITO 2010</b>
10 - Altos cargos	252.000 €
11 - Eventual	147.000 €
12 - Funcionarios	53.170.000 €
13 - Laborais	10.185.000 €
14 - Outro persoal	16.884.000 €
15 - Incentivos ao rendemento	750.000 €
16 - Cotas, prestacións e gastos sociais	11.850.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>93.238.000 €</b>

## ANEXO II

ORZAMENTO CENTROS 2013																							
Ci. org.	Centro	212	213	215	220	221.01	221.02	222	223	226.01	226.02	226.06	226.09	226.99	227.09	230	233	II	482.99	IV	625	VI	TOTAL
0001	Escola Universitaria de Estudos Empresariais	33.000	8.350	2.000	27.833	37.500	5.352	1.000	2.300	3.241						3.810		124.386		0	14.129	14.129	138.515
0003	Facultade de Ciencias do Mar	4.000	62.000	3.600	17.500	388.000	31.000	2.200	27.000	1.900						2.024		539.224		0	9.000	9.000	548.224
0004	Facultade de Ciencias Económicas	55.000	33.605		13.100	184.100	10.000	300	3.000	3.000		7.000			3.000	3.000	1.000	316.105		0	16.350	16.350	332.455
0005	Facultade de Filoloxía e Traducción	35.000	14.500		8.100	217.000	5.500	500	500	1.500	3.500	8.000			1.500	2.000	1.000	298.600		0	5.781	5.781	304.381
0006	Escola Técnica Superior de Enxeñería Industrial	80.800	74.000	43.700	43.426	339.050	57.644	4.750	10.364	7.765		2.780		32.331	7.250	6.150		710.010		0	55.852	55.852	765.862
0007	Escola Técnica Superior de Telecomunicacións	20.700	46.800	2.700	12.954	139.050	37.458	2.700	2.500	3.119				11.616	1.350	3.829		284.776		0	18.000	18.000	302.776
0008	Escola Técnica Superior de Minas	11.700	34.815	2.700	10.800	171.000	17.299	2.250	4.860	2.715		1.350		7.343	5.400	2.700		274.932		0	10.000	10.000	284.932
0009	Facultade de Bioloxía			2.500	15.500		22.100	2.000	7.000	2.700						1.469		53.269	1.800	1.800	9.300	9.300	64.369
0010	Facultade de Químicas			7.000	11.500		37.306	1.800	2.000	2.500						2.200		64.306		0	12.000	12.000	76.306
0011	Facultade de Belas Artes	6.500	35.000	2.000	7.000	88.900	21.000	4.000	11.518	1.000	1.500			1.000		2.900		182.318		0	7.500	7.500	189.818
0012	Facultade de C. Educación e Deportes	20.000	22.000	2.000	10.000	62.500	11.000	5.000	2.000	2.500		1.000		11.000		2.800		151.800		0	14.390	14.390	166.190
0013	Escola Técnica de E. Forestal	4.500	21.000	2.000	6.000	66.500	8.000	2.864	4.700	2.000	1.500					1.300		120.364		0	7.500	7.500	127.864
0014	Facultade de Ciencias Sociais	4.000	26.000	1.500	6.000	105.702	10.864	2.400	1.000	2.500	3.500			2.000		2.000		167.466		0	12.000	12.000	179.466
0015	Facultade de Dereito			1.800	13.900		8.179	3.500	2.500	3.000		1.500				3.000		37.379		0	13.000	13.000	50.379
0016	Facultade de Historia	22.500	38.132	1.893	6.214	206.825	3.447	972	6.398	2.713						1.326		290.420		0	4.707	4.707	295.127
0017	Facultade de Ciencias		17.482	1.994	10.688	34.300	23.858	8.272	4.778	2.333						1.911		105.616		0	13.322	13.322	118.938
0018	Facultade de Ciencias Empresariais	6.000	40.000	1.400	24.500	143.000	13.500	3.500	4.400	2.000	2.500				2.000	2.000		244.800		0	21.120	21.120	265.920
0019	Facultade de Ciencias da Educación			1.795	20.770	3.499	31.613	3.571	6.561	3.175					61	3.696		74.741	4.400	4.400	15.837	15.837	94.978
0021	Escola Técnica Superior de Informática	16.000	30.000	1.000	13.500	192.000	18.000	2.700	1.000	2.100	1.300	3.500	500		3.000	2.200		286.800	4.000	4.000	22.675	22.675	313.475
0030	Escola Universitaria de Fisioterapia	5.000	20.000	1.500	4.000	33.474	6.000	800		2.000				2.700		2.500		77.974		0	6.000	6.000	83.974
0040	Facultade de Ciencias Xurídicas	20.000	27.590		6.600	106.100	4.000	5.000	1.000	3.000	3.500	11.000	850	4.500	2.000	7.000		202.140		0	25.733	25.733	227.873
	<b>TOTAL</b>	<b>344.700</b>	<b>551.274</b>	<b>83.082</b>	<b>289.885</b>	<b>2.518.500</b>	<b>383.120</b>	<b>60.079</b>	<b>105.379</b>	<b>56.761</b>	<b>17.300</b>	<b>36.130</b>	<b>1.350</b>	<b>72.490</b>	<b>25.561</b>	<b>59.815</b>	<b>2.000</b>	<b>4.607.426</b>	<b>10.200</b>	<b>10.200</b>	<b>314.196</b>	<b>314.196</b>	<b>4.931.822</b>

### ORZAMENTO DELEGACIÓNS DE ALUMNOS 2013

ORGÁNICA	CENTRO	220	226.99	TOTAL
AL01	Escola Universitaria de Estudos Empresariais	500	2.500	<b>3.000</b>
AL03	Facultade de Ciencias do Mar	900	600	<b>1.500</b>
AL04	Facultade de Ciencias Económicas		3.500	<b>3.500</b>
AL05	Facultade de Filoloxía e Traducción		2.000	<b>2.000</b>
AL06	Escola Tecnica Superior de Enxeñeria Industrial	475	8.000	<b>8.475</b>
AL07	Escola Técnica Superior de Telecomunicacións	224	3.000	<b>3.224</b>
AL08	Escola Técnica Superior de Minas	800	2.000	<b>2.800</b>
AL09	Facultade de Bioloxía	900	600	<b>1.500</b>
AL10	Facultade de Químicas	900	600	<b>1.500</b>
AL12	Facultade de C. Educación e Deportes		2.200	<b>2.200</b>
AL15	Facultade de Dereito		2.300	<b>2.300</b>
AL16	Facultade de Historia		2.803	<b>2.803</b>
AL17	Facultade de Ciencias		2.343	<b>2.343</b>
AL18	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo		2.500	<b>2.500</b>
AL19	Facultade de Ciencias da Educación		3.280	<b>3.280</b>
AL21	Escola Técnica Superior de Informática		2.900	<b>2.900</b>
AL40	Facultade de Ciencias Xurídicas		1.000	<b>1.000</b>
